

ASUNTO
PLE/2021/00008048J

ACTA NÚM. 5 - SESIÓN ORDINARIA 25 DE FEBREIRO DE 2021

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **10 horas** do día **25 de febreiro de 2021**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión ordinaria.
Sesión Telemática Zoom ID de reunión: 995 7361 8316.

ASISTEN:

Don Xosé A. Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente (presente no salón de sesións)

PSdeG-PSOE:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada (presente no salón de sesións)
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Don José Javier Fernández Martínez
Dona María Esther Pedrosa Carrete
Don Rubén Pol Mariño

PP:

Dona Ana Belen Sabel Iglesias
Don Alejandro Sánchez-Brunete Varela (presente no salón de sesións)
Dona María Angeles Antón Vilasánchez
Don José Antonio Constenla Ramos
Don Evaristo Ben Otero
Don Ramón de Jesús Quiroga Limia
Dona Beatriz Cigarrán Vicente
Dona María Castelao Torres

CA:

Dona Branca Petra Novo Rey
Dona Marta Irene Lois González (presente no salón de sesións)
Don Jorge Carlos Duarte Vázquez
Dona María Rozas Pérez
Don Xan Xesús Duro Fernández

BNG:

Dona María Goretti Sanmartín Rei (presente no salón de sesións)
Dona Navia Rivas de Castro.

D. Juan Ramón González Carnero, interventor xeral municipal.

José Ramón Alonso Fernández, secretario xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

Se presupón ao non manifestar ningún dos/as asistentes o contrario que todos/as se

encontran en territorio español.

ORDE DO DÍA:

- 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión extraordinaria do día 20 de xaneiro deste ano.**
- 2. Aprobación do texto refundido da “modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial”, en execución da sentenza do TSXG número 547/2020.**
- 3. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG, para a elaboración das bases da convocatoria para o rescate do sector cultural afectado pola crise da COVID-19, cunha dotación de 600.000 euros.**
- 4. Proposición presentada polo grupo municipal do BNG, sobre a situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade.**
- 5. Proposición presentada polo grupo municipal de CA, para impulsar unha consulta popular sobre a xestión municipal do ciclo da auga.**
- 6. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, sobre as medidas compensatorias para os gastos que afrontan os centros socioculturais de titularidade veciñal.**
- 7. Proposición presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para a inclusión de Santiago no Programa do ICEX “RISING UN IN SPAIN”.**
- 8. Proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, para dotar a Santiago de instalacións de atletismo homologadas para a realización de competicións oficiais.**
- 9. Nomeamento de novo vogal, titular e substituto, en representación do Colexio de arquitectos na Comisión Asesora do Patrimonio Histórico da Cidade de Santiago de Compostela.**
- 10. Dar conta do informe anual de queixas e reclamacións correspondente ao ano 2020.**
- 11. Dar conta de resolucións da alcaldía, das concellarías delegadas e actas da Xunta de Goberno Local.**
- 12. Rogos e preguntas.**

Interpelación:

Presentada por CA sobre o proxecto de centro de inclusión social.

Rogos:

Presentado polo PP para implantar un servizo de comunicacións a persoas maiores.

Presentado polo PP para adopción de medidas no contorno do pavillón Quiroga Palacios.

Presentado polo PP para a mellora da seguridade na rúa Mallou.

Presentado polo BNG para cubrir zonas deportivas no parque de Trasparlamento.

Presentado polo BNG para modificar o percorrido da liña de autobús que pasa por San Marcos e para instalación de marquesiña.

Presentado polo BNG para mellorar a seguranza viaria en parcelas municipais situadas en Salgueiriños.

Presentado por CA para modificar o proxecto de límite da Alameda.

Presentado por CA para reforzo do servizo de atención ao público en Tráfico.

Presentado por CA sobre as cámaras de videovixilancia.

Preguntas resposta oral:

Presentada por CA sobre a licitación da ludoteca de Fontiñas.

Presentada polo PP sobre as obras de reparación da Avda. de Vilagarcía.

Presentada por CA sobre o Refuxio de Bando.

Presentada polo BNG sobre a participación das mulleres na folga do 8 de marzo.

Presentada polo BNG sobre a creación da Comisión de Memoria histórica.

Presentada polo BNG sobre a instalación cámaras de videovixilancia.

Presentada polo PP sobre os desprendementos no noiro do Pombal.

Presentada por CA desenvolvemento urbanístico da parcela do Peleteiro.

Presentada polo PP sobre a situación das marquesiñas urbanas e muppis.

Preguntas resposta escrita:

Presentada polo PP sobre instalación paneis na rúa do Vilar.

Presentada por CA sobre contratacións no departamento de Políticas Sociais.

Presentada polo PP sobre varanda na Avda. Clara Campoamor.

Presentada por CA sobre o Camiño Real de Vidán.

Presentada por CA sobre o proceso de regularización padrón do lixo.

Presentada polo BNG sobre as obras nos Concheiros.

Presentada polo BNG sobre a cesión e musealización do legado dos Monicreques Kukas.

Presentada polo BNG sobre a instalación de aseos portátiles.

Presentada polo PP sobre o radar de Conxo.

13. Toma en consideración de mocións presentadas polos grupos políticos municipais:

1. Moción presentada polo grupo municipal de CA para impulsar un programa formativo participado e situado en tempos COVID no centro xove da Almaciga.

2. Moción presentada polo grupo municipal de CA para a continuidade da axenda feminista nas políticas de Santiago de Compostela e o apoio a celebración do 8-M.

3. Moción presentada polo grupo municipal de CA para instar á Xunta de Galicia a paralizar o traslado do alumnado do Lamas de Abade e a construción dun centro de ensino secundario na contorna das actuais instalacións.

4. Moción presentada polo grupo municipal do PP para facilitar un servizo de baldeirado de fosas sépticas no rural sen servizo municipal de saneamento.

5. Moción presentada polo BNG para abrir unha convocatoria extraordinaria de axudas ao comercio local afectado pola crise da COVID-19.

6. Moción presentada polo BNG para a transferencia da AP-9 a Galiza.

7. Moción presentada polo BNG para promover unha nova fase de diálogo coa veciñanza sobre o proxecto de reurbanización dos Concheiros, as Fontiñas e Home Santo.

8. Moción presentada por CA para instar á Xunta de Galicia a investir os fondos NEXT-GENERATION dun xeito xusto e transparente e para impulsar unha transformación ambiental, económica e social.
9. Moción presentada polo BNG para mellorar os espazos públicos e os servizos básicos en Meixonfrío.
10. Moción presentada polo PP para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9.

Antes de entrar no estudo dos asuntos incluídos na orde do día gárdase un minuto de silencio polas vítimas da Covid e da violencia de xénero.

A continuación teñen lugar as intervencións de D. Amador Pena Torreira como interesado en relación á proposición presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para dotar a Santiago de instalacións de atletismo homologadas; e de D. Óscar Soneira en representación da Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, con relación á aprobación do texto refundido da normativa dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155 do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1).

Preséntase por urxencia unha moción dos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do BNG, da que é declarada a urxencia cos votos a favor dos/as concelleiros/as dos grupos propoñentes e abstención do grupo municipal do Partido Popular sobre:

Día internacional da muller.

A continuación procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día da sesión.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA DO DÍA 20 DE XANEIRO DESTE ANO.

O Pleno da Corporación aproba por unanimidade a acta correspondente á sesión extraordinaria do día 20 de xaneiro do corrente ano, núm. 1/2021.

2. APROBACIÓN DO TEXTO REFUNDIDO DA “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REHABILITACIÓN DA CIDADE HISTÓRICA (PE-1) PARA LIMITAR OS ALOXAMENTOS DE CARÁCTER TEMPORAL NO SEU TECIDO RESIDENCIAL”, EN EXECUCIÓN DA SENTENZA DO TSXG NÚMERO 547/2020.

O informe xurídico da xefa de sección de xestión urbanística de data 16 de febreiro do corrente ano que ven coa conformidade da concelleira delegada da área de urbanismo, ten o seguinte contido:

“1. Antecedentes

Con data 15.11.2018 o Pleno Municipal aprobou definitivamente a *Modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica (PE-1) para limitar os aloxamentos de carácter temporal no seu tecido residencial*, cuxa normativa consta publicada no Boletín Oficial da Provincia de data 22.11.2018.

A Modificación supuxo a reforma do apartado 4 (Usos) das seguintes ordenanzas do

Plan especial:

Ordenanza de recinto intramuros (RI). Artigo 150.

Ordenanza de áreas urbanas históricas inmediatas (AU). Artigo 151

Ordenanza de lineais históricos periféricos (LH). Artigo 152.

Ordenanza de ordenanza de rueiros (R). Artigo 153.

Ordenanza de tecidos históricos renovados polo planeamento anterior (THR). Artigo 154.

Ordenanza das implantacións e reformas do planeamento anterior (IR). Artigo 155.

As modificacións introducidas poden resumirse como segue:

Suprimíuse a compatibilidade xeral dos usos hoteleiro e residencial comunitario nas citadas ordenanzas, coas excepcións expresamente permitidas.

Declarouse a incompatibilidade da utilización da vivenda para a actividade turística, así como para calquera forma de aloxamento turístico ou temporal de curta estancia, entendendo por tal a de duración inferior a 30 días consecutivos.

Engadiuse un segundo apartado ao artigo 143, nomeado 143 bis, que regula as actividades existentes que debeñan incompatibles coa Modificación.

2. Sentenza ditada polo TSXG no PO 4031/2019

A sentenza do TSXG, nº 547/2020, de data 19.10.2020, declarada firme por Decreto de 8.01.2021, contén o seguinte FALLO:

(...)

2. Anular la modificación puntual del Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica aprobada definitivamente en sesión plenaria de 15 de noviembre de 2018, si bien que limitada al artículo 143 bis así como a aquellas referencias contenidas en la misma modificación puntual, en lo que concierne a la prohibición de alojamientos temporales en el ámbito de la Ciudad histórica.

3. Alcance da anulación

A anulación é parcial ou limitada, segundo indica o propio teor literal do fallo, que limita os seus efectos a concretas determinacións da normativa aprobada:

1ª Ao artigo 143 Bis

2ª A aquelas referencias contidas na mesma modificación puntual, no que atinxe á “prohibición de aloxamentos temporais no ámbito da cidade histórica”

A referencia á prohibición de aloxamentos temporais incluíuse no **apartado 4** (Usos) dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155. No artigo 153.4 figura no parágrafo segundo, mentres que nos outros artigos (150, 151, 152, 154 e 155) figura no terceiro parágrafo do apartado 4. O teor literal dos citados parágrafos é o mesmo para todos os artigos:

(...)

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística, isto é, para calquera forma de aloxamento turístico ou temporal de curta estancia, entendendo por tal a de duración inferior a 30 días consecutivos (...)

Do literal do fallo resulta claro que a anulación se limita á “prohibición de aloxamentos temporais no ámbito da cidade histórica”.

Porén, o fallo non contén referencia ningunha á prohibición da *utilización da vivenda para a actividade turística*, establecida no primeiro inciso da norma, o cal non resulta afectado pola anulación e mantén a súa vixencia. Así resulta tamén da fundamentación xurídica do fallo, cando indica o seguinte:

(...) a través de la modificación introducida se produce una extensión de su ámbito a cualquier uso que suponga un alojamiento temporal de corta estancia (menos de 30 días consecutivos)

(...) la relevancia de dicho cambio radica en que extiende su ámbito, inicialmente se prohibió el uso turístico para pasar definitivamente a prohibir todo tipo de alojamiento temporal; además de que se extiende a todos aquellos usos de carácter temporal que se hubieran implantado ilegalmente con posterioridad al acuerdo de suspensión previa.

De acordo con todo o anteriormente exposto, e co teor literal do fallo, resulta:

A nulidade do texto íntegro do artigo 143 bis

A nulidade da prohibición de *calquera forma de aloxamento temporal de curta estancia*, contida no apartado 4 dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155.

A nulidade non afecta á declaración expresa de incompatibilidade da utilización da vivenda para a actividade turística, isto é, a regulada con tal carácter pola normativa de turismo.

4. Cualificación urbanística das vivendas de uso turístico (VUT)

A incompatibilidade de destinar ás vivendas do PE-1 á actividade turística resulta da propia definición do uso residencial que se contén no artigo 105 do PXOM, como aquel destinado a proporcionar aloxamento estable ou permanente ás persoas.

Así o indica, nun suposto análogo, a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza do País Vasco nº 315/2018:

(...) La calificación de las VUT dentro del uso de equipamiento es irreprochable a juicio de la Sala, teniendo en cuenta que el PGOU califica el uso residencial como el uso que se desarrolla en los edificios destinados al alojamiento estable y permanente de las personas, concepto en el que no tiene encaje el uso de las VUT definidas (...) como viviendas que se ofrecen o comercializan como alojamiento temporal por motivos turísticos o vacacionales, inscritas como tales en el Registro de Empresas y Actividades turísticas de Euskadi (...)

(...) Resulta completamente ajeno al uso residencial el uso de las VUT puesto que se dirigen, no a satisfacer el derecho a la vivienda, al que es inherente el carácter estable que caracteriza al domicilio habitual, sino a satisfacer circunstancias necesidades de alojamiento temporal por razones de turismo o vacaciones (...)

De conformidade co anterior, a actividade turística nas vivendas só sería autorizable

naquelas parcelas que, segundo a vixente normativa do PE-1, admitan de forma indistinta ou alternativa os usos de vivenda e hoteleiro.

5. Normativa resultante da sentenza

Exposto canto antecede, **proponse ao Pleno Municipal, previo ditame que haberá de emitir a Comisión Informativa de Urbanismo, adoptar o seguinte ACORDO:**

Primeiro. Tomar coñecemento da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 547/2020, de data 19-10-2020, ditada no PO 4031/2019, na que se decide o seguinte:

Anular la modificación puntual del Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica aprobada definitivamente en sesión plenaria de 15 de noviembre de 2018, si bien que limitada al artículo 143 bis así como a aquellas referencias contenidas en la misma modificación puntual, en lo que concierne a la prohibición de alojamientos temporales en el ámbito de la Ciudad histórica.

Segundo. Aprobar o texto refundido dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155 do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, axustado ao fallo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nº 547/2020 (PO 4031/2019), coa seguinte redacción:

CAPÍTULO I. ORDENANZAS REGULADORAS TIPO EN SOLO URBANO

Artigo 150. Ordenanza de recinto intramuros (RI)

1. Delimitación e ámbito

Aplícase esta ordenanza ao antigo recinto da cidade medieval amurallada definido polo viario periférico, tal e como se indica en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Para este ámbito, o de maior valor arquitectónico do conxunto protexido o Plan especial dá por terminado o seu proceso de construción, polo que a súa regulación establécese sobre a base xeral da conservación do volume actual.

Establécese o mantemento do actual coeficiente de ocupación, e por tanto da liña de edificación interior e das aliñacións exteriores da edificación principal, tal e como se indica en planos de cualificación e codificación.

Non se permiten construcións por detrás da liña de edificación interior establecida en planos de ordenación, o sobranse de parcela haberá de acondicionarse como espazo libre privado. Naqueles espazos libres privados que non presenten un tratamento de axardinamento ou arboredo e non se sitúen en contacto con espazos libres públicos, poderán tolerarse estruturas lixeiras desmontables e diáfanos en todos os seus paramentos co mesmo uso que a planta baixa. As súas carpinterías ou elementos construtivos pintaranse da cor das carpinterías do resto da fachada traseira.

Cando os espazos non edificados dean fronte a espazos libres públicos haberán de cercarse con muros pétreos, en continuidade cos existentes e con altura máxima a do

teito da planta baixa da edificación principal ou contigua.

Exceptúanse destas condicións aqueles cercados catalogados que presenten unha disposición ou materiais diferentes.

A altura máxima da edificación determínase nos alzados de ordenación, medíndose na forma prevista nos artigos 95 a 98 das presentes normas.

Non se autorizan sotos, semisotos, nin entreplantas, salvo os xa existentes en edificios catalogados.

Por encima da altura máxima de edificación permitiranse aproveitamentos baixo cuberta. O devandito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se considere polo presente Plan especial como desconforme coa ordenación, nese caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do artigo 99 da presente normativa, coa disposición establecida no plano de cubertas.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que o devandito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

As plantas ático considéranse para todos os efectos como unha planta da edificación. Non se permite a formación de novos áticos. Mantéñense os áticos existentes que se indican en alzados de ordenación debéndose adaptar ao regulado no artigo 101 da presente normativa cando así se estableza nos devanditos alzados.

De acordo co artigo 91 da presente normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose agregacións nin segregacións.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais. Incorporaranse ao espazo público peonil tanto as venelas e servidumes de paso, consideradas como tales en planos de ordenación como aquelas que cheguen a publicarse en desenvolvemento do Plan, ben mediante actuacións de expropiación ou asociadas a actuacións xerais sobre a edificación.

4.U Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda.

Son usos compatibles, ocupando edificación exclusiva, institucional privado (oficinas clase III) en edificios de superficie construída maior a 500 m², administración pública e institucional, socio-cultural, docente, asistencial, universitario residencial e investigador, e todo iso sen prexuízo da obriga de garantir o mantemento dos caracteres determinantes da edificación e os seus elementos catalogados e protexidos.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

Igualmente, e para edificios con superficie útil total (suma de todas as plantas) menor de 50 m² (cincuenta) tolérase ademais o uso exclusivo comercial e o de oficinas.

A unidade edificatoria 111103 manterá o uso comercial exclusivo.

O uso principal da edificación será o de vivenda.

Establécense como usos compatibles en plantas baixas da edificación os seguintes:
Comercial en categoría 2ª e en todas as súas clases

Oficinas en todas as súas clases

Salas de reunión excepto discotecas, salas de festas e baile, clubs nocturnos, casinos e demais locais onde se practiquen xogos de azar

Talleres industriais e artesanais en categoría 1ª. Considerándose usos prohibidos as seguintes actividades:

Do grupo 1º. Almacéns e depósitos de sustancias inflamables e combustibles, talleres de fontanería, pintura e decoración

Do grupo 2º. Talleres de carpintería, ferraxería, construción e reparación electromecánicos

Do grupo 5º. Lavanderías e tinturerías

Do grupo 6º. Preparación de conservas e produtos alimenticios a base de desperdicios de matadoiro, preparación e envases de bebidas, fábricas de xeo, de cervexa e fariñas

Do grupo 7º. Elaboración de papel e cartón

Sanitario

Asistencial

Socio-cultural

Relixioso

Administración pública e institucional

Docente

En plantas altas dos edificios permítense como usos tolerados os seguintes, sempre que a proporción entre eles e o residencial sexa como máximo de 1:2 en termos de superficie construída, a súa implantación ocupe cun só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda e non altere a organización espacial de modo tal que impida a súa recuperación para o uso vivenda:

Venda polo miúdo. Tolérase en planta 1ª vinculada a planta baixa formando o mesmo establecemento, se existise comunicación entre ambas as plantas independente da comunicación vertical de acceso ás plantas residenciais; autorizándose en todo caso naqueles edificios cuxas primeiras plantas fosen construídas diáfanos para destino comercial

Hostalería. En planta 1ª vinculado a planta baixa, exclusivamente restaurantes

Servizos persoais

Docente. En planta 1ª vinculado a planta baixa

Oficinas da clase I

Asistencial exclusivamente en planta primeira

Socio-cultural exclusivamente en planta primeira

Salas de reunión exclusivamente en planta primeira, vinculadas a hostalería en planta baixa

En semisotos e sotos existentes permítese usos complementarios dos de planta baixa

5. Protección das características tipolóxicas etnográficas e construtivas

De acordo co establecido no Título VI da L.P.H.E. establécese unha salvagarda xeral sobre o conxunto do ámbito de ordenanza, tendente ao mantemento dos modos de construír, organización e estrutura dos edificios que definen a súa tipoloxía característica.

De acordo co anterior primárase o mantemento dos actuais armazóns horizontais de madeira, como sistema estrutural máis idóneo por orixinario, nos edificios catalogados. Neste sentido, priorízanse sobre estes as actuacións de conservación, mantemento e reparación fronte ás de substitución. As actuacións de substitución, mesmo por materiais diferentes á madeira (aceiro, lousas lixeiras, etc.) haberán de manter o sistema tipolóxico estrutural orixinario

En todo caso haberán de manterse as estruturas pétreas verticais existentes, na súa función resistente, e as de cerramento en edificios catalogados.

O Concello e demais Administracións competentes facilitarán o cumprimento do precedente mediante o fomento da recuperación e o desenvolvemento de materiais, técnicas e oficios construtivos tradicionais.

6. Condicións estéticas

As presentes condicións pormenorizan e desenvolven as xerais establecidas no Capítulo II do Título VI nos seguintes aspectos:

Para os efectos de aplicación das normas xerais de estética urbana as fachadas traseiras terán a consideración de fachadas principais.

Non se autorizan os acabados de fachada en chapados de pedra granítica

As carpinterías exteriores de ocos de xanelas en fachada principal realizaranse a faces exteriores, salvo que se trate de actuación de adición que deberán seguir a disposición das xa existentes. As carpinterías haberán de realizarse en madeira pintada segundo a paleta cromática que se achega ao presente Plan especial.

Realizaranse proxectos singulares de cor, que excepciónan as determinacións cromáticas establecidas na norma xeral acomodándoas aos do seu estilo e época, para os seguintes edificios:

Unidade edificatoria 211520. Rúa das Casas Reais 19. Recuberto con rebocado pétreo en bo estado, a cor debe limitarse a destacar a rica ornamentación

Unidade edificatoria 211519. Rúa das Casas Reais 21. Revestido con rebocado pétreo

en bo estado, a cor centrarase en unificar carpinterías, nas reixas e en destacar os elementos ornamentais.

Unidade edificatoria 110708. Travesa da Universidade 1. Supresión de impermeabilizantes na baixo cuberta e o seu tratamento.

Unidades edificatorias 410722 e 410721. Rúa das Orfas 15 e 17. A actuación cromática, prestará especial atención aos fondos rebocados.

Unidade edificatoria 110213. Preguntoiro, 4. San Paio de Antealtares. A actuación cromática prestará atención á significación de elementos ornamentais, reixas e tratamento de carpintería de galería en S. Paio e recuperará o rebocado pétreo coas súas terras, destacando elementos, reixas e carpinterías en Preguntoiro.

Artigo 151. Ordenanza de áreas urbanas históricas inmediatas (AU)

1. Delimitación e ámbito

Aplícase esta ordenanza á primeira periferia histórica do recinto intramuros, tal e como se indica en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Para este ámbito, que presenta unha singular e característica arquitectura, o Plan especial dá por culminado o proceso de elaboración da forma do espazo público, aínda que a regulación desta cualificación ha de ser compatible cunha dinámica de rehabilitación e mellora, de acabado puntual de volumetría e de corrección de engadidos inconvenientes, sobre a base xeral da conservación da ocupación en planta.

De acordo co anterior establécese o mantemento da actual ocupación en planta da edificación principal, e por tanto da liña de edificación interior e aliñacións exteriores, tal e como se indica en planos de codificación e cualificación, fixándose neste último o fondo máximo edificable das novas edificacións e os axustes puntuais dos existentes. Establécese unha valoración positiva do espazo libre privado como compoñente da súa morfoloxía singular, polo que se manterá o arboredo existente, acondicionando o sobranse de parcela. Nos ámbitos que se establecen en planos de ordenación, os vacantes de parcela poderán acoller o uso de garaxe-aparcadoiro de uso colectivo en categoría 2ª grao 3º.

Autorízanse edificacións auxiliares dunha soa planta e altura máxima 3,5 metros, ocupando como máximo o 10% do vacante de parcela e nunca máis de 30 m². Estas edificacións non poderán apegarse á edificación principal debendo integrarse no sistema de peches da parcela ou na composición do libre privado. As súas cubertas serán de tella árabe curva ou de madeira na súa cor, os seus cerramentos serán pétreos, de madeira na súa cor ou de fábrica rebocado e pintado da cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas no mesmo cor que as da fachada traseira.

A altura máxima da edificación determínase en alzados de ordenación, medíndose na forma prevista nos artigo 95 e 98 das presentes normas.

Non se autorizan sotos, semisotos, nin entreplantas salvo os xa existentes en edificios catalogados e os sotos ou semisotos que resulten do desnivel entre a rasante da rúa e a rasante actual dos espazos libres privados interiores máis 60 cm.

Por encima da altura máxima de edificación permitíranse aproveitamentos baixo cuberta. O devandito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se considere polo presente Plan especial como desconforme coa ordenación, nese caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do artigo 99 da presente normativa coa disposición establecida no plano de cubertas.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que o devandito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

As plantas ático considéranse para todos os efectos como unha planta da edificación. Non se permite a formación de novos áticos. Mantéñense os áticos existentes que se indican en alzados de ordenación, debéndose adaptar os existentes ao regulado no artigo 101 da presente normativa cando así se estableza nos devanditos alzados.

De acordo co artigo 91 da presente normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións nin segregacións que as correspondentes á posibilidade de agrupación das parcelas 140307-140308, 310534-310535, 120226-120227, 430327-430328, 430224-430225, 420311-420312, tal e como se establece en plano de codificación.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense con carácter xeral as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outros axustes que os que puntualmente se indican en planos de ordenación.

Incorpóranse novos itinerarios peonís establecidos en planos de ordenación.

4. Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda.

Son compatibles ocupando edificación exclusiva o institucional privado (oficinas clase III) en edificios de superficie construída maior a 500 m², administración pública e institucional, socio-cultural, sanitario, docente, asistencial, universitario residencial e investigador, e todo iso sen prexuízo da obrigación de garantir o mantemento dos caracteres determinantes da edificación e os seus elementos catalogados e protexidos.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

Igualmente, e para edificios con superficie útil total, (suma de todas as plantas) menor de 50 m² tolérase ademais o uso exclusivo comercial e de oficinas.

A unidade edificatoria 430101 manterá o uso hoteleiro.

As unidades edificatorias 140519 e 140520 poderanse destinarse a uso hoteleiro.

O uso principal da edificación será o de vivenda.

Establécense como usos compatibles en planta baixa os seguintes:

Comercial en categoría 2ª e en todas as súas clases

Oficinas en todas as súas clases

Salas de reunión excepto discotecas, salas de festas e baile, clubs nocturnos, casinos e bingos

Talleres industriais e artesanais en categoría 1ª. Considerándose usos prohibidos as seguintes actividades:

Do grupo 1º. Almacéns e depósitos de sustancias inflamables e combustibles

Do grupo 2º. Talleres de construción e reparación electromecánicos

Do grupo 6º. Preparación de conservas e produtos alimenticios a base de desperdicio de matadoiro, preparación e venda de bebidas

Do grupo 7º. Elaboración de papel e cartón

Sanitario.

Asistencial.

Socio-cultural.

Docente.

Relixioso.

Administración pública.

Garaxe-aparcadoiro en categoría 1ª, grao 1º e categoría 2ª, graos 1º e 2º, cando en edificios de nova construción a fronte de parcela sexa superior ou igual a 8 metros.

En semisotos e sotos permítense usos complementarios dos de planta baixa.

En plantas altas da edificación permítense como usos tolerados os seguintes, sempre que a proporción entre eles e o residencial sexa como máximo 1:2 en termos de superficie construída, a súa implantación ocupe cun só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda, e non altere a organización espacial de modo tal que se impida a súa recuperación para o uso vivenda:

Venda polo miúdo. Tolérase excepcionalmente en planta 1ª vinculada a planta baixa formando o mesmo establecemento, se existise comunicación entre ambas as plantas independente da comunicación vertical de acceso ás plantas residenciais.

Hostalería en planta 1ª, vinculado a planta baixa, exclusivamente restaurantes.

Servizos persoais.

Oficinas da clase I.

Asistencial exclusivamente en planta primeira.

Socio-cultural exclusivamente en planta primeira.

Docente. En planta 1ª vinculada a planta baixa.

O uso das edificacións auxiliares será complementario do uso principal da edificación ou vinculado ao mantemento do espazo libre.

5. Protección das características tipolóxicas etnográficas e construtivas

De acordo co establecido no Título VI da L.P.H.E. establécense unha salvagarda xeral sobre o conxunto do ámbito de ordenanza, tendente ao mantemento dos modos de construír, organización e estrutura dos edificios que definen a súa tipoloxía característica.

De acordo co anterior primarase o mantemento dos actuais armazóns horizontais de madeira, como sistema estrutural máis idóneo por orixinario, nos edificios catalogados. Neste sentido priorizaranse sobre os mesmos as actuacións de conservación, mantemento e reparación fronte ás de substitución. As actuacións de substitución, mesmo por materiais diferentes á madeira (aceiro, lousas lixeiras, etc.), en edificios catalogados, haberán de manter o sistema tipolóxico estrutural orixinario.

En todo caso haberán de manterse as estruturas pétreas verticais existentes, na súa función resistente, e as de cerramentos en edificios catalogados.

O Concello e demais Administracións competentes facilitarán o cumprimento do precedente mediante o fomento da recuperación e o desenvolvemento de materiais, técnicas e oficios construtivos tradicionais.

6. Condicións estéticas

As presentes condicións pormenorizan e desenvolven as xerais establecidas no Capítulo II do Título VI nos seguintes aspectos:

Non se autorizan os acabados de fachada en chapados de pedra granítica.

As carpinterías exteriores de ocos de xanelas en fachada principal realizaranse a faces exteriores, salvo que se trate de actuacións de adición que deberán seguir a disposición das xa existentes. As carpinterías haberán de realizarse en madeira pintada segundo a paleta cromática que se adxunta ao presente Plan Especial.

Realizaranse proxectos singulares de cor, que excepciónan as determinacións cromáticas establecidas na norma xeral acomodándoas ás do seu estilo e época, para os seguintes edificios:

Unidade edificatoria 140202, rúa Tras do Pilar 10. A cor de fachadas deberá acercarse ás paletas propias do modernismo con claras influencias da Secesión Vienesa.

Unidade edificatoria 220906, rúa dos Loureiros 25. A cor de fachadas deberá recuperar as paletas propias do modernismo.

Unidade edificatoria 421020, Rúa de San Pedro 96. A cor debe significar esta peza no conxunto da rúa, destacando a súa decoración de xustaposicións xeométricas.

Unidade edificatoria 421006, Rúa de San Pedro 66. Con respecto ao enfoscado pétreo, a cor tenderá a unificar e significar os elementos compositivos desta fachada, onde destaca a reixa.

Unidade edificatoria 120201B, Asilo de Carretas edificio interior. A actual cor branca das fachadas nega a forza xeométrica desta composición.

Unidade edificatoria 140101, Pavillón de Santa Susana. Substitución por cor adecuada ao seu estilo de transición entre o eclecticismo decimonónico e o modernismo.

7. Áreas de contorna ambiental

Pola súa presenza no medio urbano identifícanse áreas de contorna ambiental que estarán ao establecido no artigo 107.3. En desenvolvemento do Plan procederase nelas á redacción e execución de proxectos de cor, cunha función integradora. As ditas áreas son:

Traseiras de rúa da Virxe da Cerca, unidades edificatorias seguintes:

Desde a 420203 á 420210, ambas inclusive.

Desde a 420102 á 420114, ambas inclusive.

Desde a 420115 á 420126, ambas inclusive.

Fachadas traseiras da rúa de S. Pedro das unidades edificatorias 421005 á 421013, ambas inclusive.

Traseiras das Hortas-Norte, comprendendo as seguintes unidades edificatorias:
Desde a 120205 á 120253, ambas inclusive.
Números pares 14 ao 32 da Rúa Galeras, ambos inclusive.

Traseiras das Hortas-Sur, comprendendo as seguintes unidades edificatorias:
Desde a 511102 á 511132, ambas inclusive.
Desde a 511145 á 511156, ambas inclusive.

Traseiras da rúa do Pombal, comprendendo as unidades edificatorias desde a 511157 á 511191, ambas inclusive.

8. Regulación específica dos quinteiros 5305 e 5701

Nos aspectos referidos a usos autorizados, construcións por encima da altura máxima, ocupación de patio de quintero e sotos, as unidades edificatorias dos citados quinteiros comprendidos nesta ordenanza regularanse polo establecido no artigo 123, Ordenanza 1. Ensanche, do vixente Plan Xeral, sempre que da súa aplicación non se derive prexuízo para os valores dos edificios que se protexen, de conformidade co ficheiro de edificios catalogados.

En todos os restantes aspectos, estarán ao establecido no presente Plan especial.

Artigo 152. Ordenanza de lineais históricos periféricos (LH)

1. Delimitación e ámbito

Aplicase esta ordenanza ás pezas históricas de San Lourenzo-Carme de Abaixo, Sar-Castrón Douro, Basquiños-Espírito Santo, Vista Alegre e Belvís, vinculadas a eixos de camiños exteriores de carácter lineal, tal e como se indica en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Neste ámbito o Plan especial propón regular o proceso de desenvolvemento edificatorio para introducir actuacións de cualificación tendentes á posta en valor das arquitecturas de interese que perviven e, sobre todo, da súa morfoloxía urbana, caracterizada historicamente pola diferenciación entre o ámbito de posición da edificación sobre o viario lineal e a horta ocupando o resto da parcela.

O fondo máximo de edificación será o establecido en planos de ordenación, mantendo o existente ou esgotando unha dimensión tipo nos de nova edificación, ampliación ou supresión, estes últimos nos casos de fondos desconformes coa ordenación.

Por detrás da liña de edificación interior, e nunha profundidade máxima de 20 metros, autorízanse edificacións auxiliares, dunha soa planta e cunha ocupación máxima de 20 m². As súas cubertas serán de tella árabe curva ou de madeira na súa cor, os seus cerramentos serán pétreos, de madeira na súa cor ou de fábrica rebocada e pintada da cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas no mesmo cor que as da fachada traseira. O sobrante de parcela manterá o seu carácter de libre privado, mantendo o seu uso agrícola ou acondicionándoo mediante o seu

axardinamento e arborización. Cando os espazos non edificadas dean fronte a viario ou espazos libres públicos haberán de cercarse con muros pétreos en continuidade cos existentes, ou en fábricas rebocadas e pintadas da cor das medianeiras, na súa ausencia, cun alzado máximo de 1,5 m.

A altura máxima da edificación determínase en alzados de ordenación, medíndose na forma prevista nos artigos 95 a 98 das presentes normas.

Autorízanse sotos e semisotos destinados a usos complementarios da planta baixa e que poderán ser os de garaxe aparcadoiro cando en edificios de nova construción a fronte de parcela sexa superior ou igual a 7 metros.

Por encima da altura máxima de edificación permitíranse aproveitamentos baixo cuberta. O devandito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta da edificación, salvo que esta se considere desconforme polo presente Plan especial, nese caso haberá de quedar inscrito no plano de cuberta definido por aplicación do artigo 99 da presente normativa coa disposición establecida no plano de cubertas.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que o devandito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

As plantas ático computarán para todos os efectos como unha planta da edificación. Non se permite a formación de novos áticos. Mantéñense os áticos existentes que se indican en alzados de ordenación, debéndose adaptar ao regulado no artigo 101 da presente normativa cando así se estableza nos devanditos alzados.

Nas edificacións de nova planta autorízanse persianas nas condicións establecidas no artigo 118.

De acordo co artigo 91 da presente normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións nin segregacións que as correspondentes á posibilidade de agrupación das parcelas 220116-220115 ou 220116-220117, 280119-280118, 140843-140842, 430305-430306 ou 430305-430304, tal e como se indica en plano de codificación.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outros axustes que os que puntualmente se indican en planos de ordenación.

Incorpóranse puntualmente novos accesos peonís e complementos de accesos rodados establecidos en planos de ordenación.

4. Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda.

Son compatibles ocupando edificación exclusiva, administración pública, socio-cultural, sanitario, universitario residencial e investigador, docente e asistencial, e todo iso sen prexuízo de garantir o mantemento dos caracteres determinantes

da edificación e os seus elementos catalogados e protexidos.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

Igualmente, e para edificios con superficie útil total (suma de todas as plantas) menor de 50 m², toléranse ademais o uso exclusivo comercial, o de oficinas e o de talleres industriais artesáns.

A unidade edificatoria 140804 poderá manter a total ocupación da edificación actual nunha soa planta con destino exclusivo a usos salas de reunión, garaxe-aparcadoiro en categoría 3^a, sociocultural, relixioso, deportivo, recreativo e servizos urbanos. Alternativamente poderá acomodar a edificación ao fondo tipo 12 m e altura máxima (B+1) (planta baixa e un piso) nas condicións xerais desta ordenanza.

Aquelas unidades edificatorias co uso de vivenda familiar, manterán devandito carácter, sen outra excepción que as que presenten alturas superiores ás dúas plantas e superficie construída total igual ou maior de 220 m².

O uso principal da edificación será o de vivenda.

Establécense como usos compatibles en planta baixa os seguintes:

Comercial en categoría 2^a e en todas as súas clases

Oficinas en todas as súas clases

Salas de reunión excepto discotecas, salas de festas e baile, clubs nocturnos, casinos e bingos

Talleres industriais e artesanais en categoría 1^a, excepto no grupo 7º a elaboración de papel e cartón

Sanitario

Asistencial

Socio-cultural

Relixioso

Deportivo

Administración pública

Garaxe-aparcadoiro en categoría 1^a grao 1º e categoría 2^a graos 1º e 2º, cando en edificios de nova construción a fronte de parcela sexa superior a 7 metros.

En plantas altas da edificación permítense como usos tolerados os seguintes, sempre que a proporción entre eles e o residencial sexa como máximo 1:2 en termos de superficie construída, a súa implantación ocupe cun só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda, e non altere a organización espacial de modo tal que non impida a súa recuperación para o uso vivenda:

Hostalería en planta 1^a vinculada a planta baixa, exclusivamente restaurantes.

Venda polo miúdo. Tolérase excepcionalmente en planta 1^a vinculada a planta baixa formando o mesmo establecemento, se existise comunicación entre ambas as plantas independente da comunicación vertical de acceso ás plantas residenciais.

Servizos persoais. O uso das edificacións auxiliares será complementario do uso principal da edificación ou vinculado ao mantemento do espazo libre.

5. Áreas de contorna ambiental

Pola súa presenza no medio urbano identifícanse áreas de contorna ambiental que estarán ao establecido no artigo 107.3. En desenvolvemento do Plan procederase nelas á redacción e execución de proxectos de cor, cunha función integradora. As ditas áreas son:

Fachadas traseiras da rúa de Belvís das unidades edificatorias nºs 420411 á 420424, ambas inclusive

Fachadas traseiras das unidades edificatorias nºs 440102 á 440107, ambas inclusive, en Campo do Sar

Fachadas traseiras de Castrón Douro das unidades edificatorias nºs 430340 á 430346, ambas inclusive e desde a 560101 á 560113, ambas inclusive

Fachadas traseiras da rúa do Olvido das unidades edificatorias nºs 411409 á 411428, ambas inclusive

Fachadas traseiras da rúa de Sar das unidades edificatorias nºs 411430 á 411464, ambas inclusive

Fachadas traseiras do barrio de Vista Alegre das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 280101 á 280116, ambas inclusive

Fachadas principais e fachadas traseiras de barrio de Vista Alegre das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 220120 á 220125, ambas inclusive

Desde a 280117 á 280121, ambas inclusive

Fachadas traseiras da rúa do Carme de Abaixo das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 120701 á 120716, ambas inclusive

Desde a 120802 á 120812, ambas inclusive

Fachadas da Calzada do Carme de Abaixo das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 120601 á 120631, ambas inclusive

Desde a 120502 á 120507, ambas inclusive

Fachadas traseiras da rúa de San Lourenzo das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 140601 á 140609

Desde a 140701 á 140720

Fachadas principais e fachadas traseiras de Corredoira de San Lourenzo das unidades edificatorias seguintes:

Desde a 140609 á 140621, ambas inclusive.

140702 e 140701.

Artigo 153. Ordenanza de rueiros (R)

1. Delimitación e ámbito

Comprende esta ordenanza o ámbito dos núcleos rurais de Toxeira de San Lourenzo e Rueiro de Figueiriñas, incorporados pola súa posición á Cidade Histórica, tal e como se indica en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Ademais da protección do patrimonio construído que se cataloga, preténdese a rehabilitación e mellora destes núcleos, incorporándoos como estruturas singulares de marcado carácter rural dentro do conxunto histórico.

A súa regulación volumétrica establécese en planos e alzados de ordenación, mediante o criterio do mantemento da ocupación da edificación principal existente. Nas parcelas vacantes a disposición da edificación será a indicada en planos e

alzados de ordenación.

Os parámetros sinalados con anterioridade aplicaranse sobre a edificación principal; adicionalmente toleraranse sen computar edificabilidade:

- a) Hórreos e adegas ata un máximo de 15 m² e cunha altura máxima de 3,50 m
- b) Alpendres abertos polo menos nun 50% do seu perímetro
- c) Cubertos, almacéns, silos e demais edificacións adxectivas destinadas a usos agrarios
- d) Garaxes
- e) Aseos e servizos hixiénicos apegados ao corpo principal de edificacións existentes, cando non poidan situarse no seu interior

As edificacións auxiliares non se permitirán en fachada e situaranse apegados á edificación principal ou aos lindes laterais, sen prexuízo de terceiros e preferentemente formando patio. O conxunto de edificacións auxiliares non excederá a ocupación do 20% da parcela. As súas cubertas serán de tella árabe curva ou de madeira na súa cor, os seus cerramentos serán pétreos, de madeira na súa cor ou rebocados e pintados da cor das medianeiras, as súas carpinterías serán pintadas ou lacadas.

En canto ás condicións da edificación por encima da altura máxima estarase ao disposto no artigo 135.3 do vixente Plan xeral.

Nas edificacións de nova planta autorízanse persianas, nas condicións establecidas no artigo 118.

De acordo co artigo 91 da presente normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose agregacións nin segregacións.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense con carácter xeral as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, tal e como se indican en planos de ordenación, complementando a súa accesibilidade con actuacións puntuais de nova vialidade.

4. Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda familiar, compatible en edificio exclusivo co socio-cultural e asistencial.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

O uso principal da edificación será o de vivenda familiar compatible en baixos da edificación ou edificio anexo con:

Comercial en categoría 2^a

Talleres industriais artesanais en categoría 1^a

Garaxe-aparcadoiro en categoría 1^a

Na parcela non ocupada permítese o uso agrícola.

O uso das edificacións auxiliares será complementario do uso principal da edificación ou vinculado ao mantemento do espazo libre.

Artigo 154. Ordenanza de tecidos históricos renovados polo planeamento anterior (THR)

1. Delimitación e ámbito

O ámbito desta ordenanza comprende os tecidos históricos que foron máis renovados polo planeamento anterior (Plan parcial de Belvís actualmente derogado, no seu sector Trisca (1968) e Castrón Douro (1972)), cos límites que se indican en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Neste ámbito o Plan especial pretende corrixir as disfuncións detectadas, sobre a base da consolidación do actual sistema viario, intervindo tan só puntualmente con criterios funcionais e de accesibilidade.

En canto aos parámetros de edificación, establécense en planos de ordenación os fondos e alturas xenéricos da ordenación. Estes últimos trasládanse como indicación, tamén xenérica para cada tramo de rúa, ao plano de alzados.

As edificacións existentes executadas en desenvolvemento do planeamento anterior que superen os parámetros xenéricos antes citados, poderán conservarse, mediante as actuacións para a edificación definidas na presente normativa salvo a de reestruturación total, sen prexuízo de producir as actuacións de adecuación dos elementos desconformes que se sinalan en planos de alzados. No suposto de substitución ou reestruturación total da edificación existente, a nova construción haberá de estar aos parámetros xenéricos establecidos.

Non se permiten prolongacións de planta baixa nin construcións por detrás da liña de edificación interior. Por encima da altura máxima de edificación permitirase o aproveitamento baixo cuberta. O devandito aproveitamento estará inscrito no plano de cuberta das edificacións, salvo que esta se considere desconforme polo presente Plan especial, nese caso haberá de quedar inscrito no plano definido por aplicación do artigo 99 da presente normativa coa disposición establecida no plano de cubertas.

Autorízanse sotos e semisotos destinados a usos complementarios da planta baixa e que poderán ser os de garaxe-aparcadoiro cando en edificios de nova construción a fronte de parcela sexa superior ou igual a 7 metros.

O uso do aproveitamento baixo cuberta haberá de vincularse obrigatoriamente ao da planta inmediatamente inferior, salvo que o devandito uso sexa o de instalacións complementarias do conxunto do edificio.

Non se permite a formación de novos áticos.

Nas edificacións de nova planta e nas existentes non catalogadas autorízanse as persianas, nas condicións establecidas no artigo 118.

De acordo co artigo 91 da presente normativa haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, non permitíndose máis agregacións que as correspondentes ás parcelas 460105-460104 como se indica en plano de codificación.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, sen outros axustes que os que puntualmente se indican en planos de ordenación.

4. Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda.

Son compatibles ocupando edificación exclusiva, o comercial en categoría 1ª, oficinas da clase I, socio-cultural, administración pública, sanitario, docente, universitario residencial e asistencial, e todo iso sempre que se garanta o mantemento dos caracteres determinantes da edificación catalogada e os seus elementos protexidos.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

Igualmente, e para edificios con superficie útil total (suma de todas as plantas) menor de 50 m² toléranse ademais o uso exclusivo comercial, oficinas e talleres industriais artesanais.

Aquelas unidades edificatorias que presenten o uso de vivenda familiar, manterán o devandito carácter, sen outra excepción que as que presenten unha altura superior ás dúas plantas e superficie construída igual ou maior de 220 m².

O uso principal da edificación será o de vivenda.

Establécense como usos compatibles en planta baixa os seguintes:

Comercial en categoría 2ª e en todas as súas clases

Oficinas en todas as súas clases

Salas de reunión excepto discotecas, salas de festas e baile, clubs nocturnos, casinos e bingos

Talleres industriais e artesanais en categoría 1ª

Sanitario

Asistencial

Docente

Socio-cultural

Relixioso

Deportivo

Administración pública

Garaxe-aparcadoiro en categorías 1ª grao 1º e categoría 2ª graos 1º, 2º e 3º. En categoría 2ª esíxese que a parcela dispoña dunha fronte igual ou superior a 7 m

En plantas altas da edificación permítense como usos tolerados os seguintes, sempre que a proporción entre eles e o residencial sexa como máximo 1:2 en termos de superficie construída, a súa implantación ocupe cun só establecemento o espazo total dunha unidade de vivenda e non altere a organización espacial de modo tal que se impida a súa recuperación para o uso vivenda:

Docente en planta 1ª, vinculado a planta baixa
Oficinas da clase I
Hostalería en planta 1ª, vinculado a planta baixa, exclusivamente restaurantes
Servizos persoais
Venda polo miúdo. Tolérase excepcionalmente en planta 1ª, vinculada a planta baixa.

5. Áreas de contorna ambiental

Pola súa presenza no medio urbano identifícanse áreas de contorna ambiental que estarán ao establecido no artigo 107.3. En desenvolvemento do Plan procederase nelas á redacción e execución de proxectos de cor, cunha función integradora.

As ditas áreas son:

Fachadas traseiras da rúa do Posigo de Abaixo das unidades edificatorias 411301 á 411314, ambas inclusive.

Artigo 155. Ordenanza das implantacións e reformas do planeamento anterior (IR)

1. Delimitación e ámbito

Aplicase esta ordenanza a aquelas implantacións producidas en aplicación de ordenacións anteriores que polas súas características supoñen unha excepción tipolóxica inserida na estrutura das distintas pezas da Cidade Histórica. O seu ámbito delimitase en planos de ordenación.

2. Criterios e parámetros de ordenación

Para os efectos da súa regulación, o Plan especial diferencia dous tipos de situacións:

a) Implantacións e reformas recentes do planeamento anterior conformes coa ordenación. Son aquelas que, sen prexuízo da súa acomodación ás normas xerais de edificación, de estética urbana e de usos establecidas na presente normativa, o Plan especial considera que presentan un volume e intensidade conforme coa ordenación proposta con independencia da adecuación dos elementos desconformes identificados en alzados de ordenación. A súa regulación volumétrica establécese en planos e alzados de ordenación sobre a base xeral do mantemento da ocupación e altura actualmente existente.

b) Implantacións e reformas recentes do planeamento anterior desconformes coa ordenación. Son aquelas que han de ser acomodadas a unha nova ordenación. Para elas o Plan especial expón unha nova volumetría e pasan a estar en situación de fóra de ordenación. A súa regulación establécese en planos e alzados de ordenación sobre a base do establecemento dun fondo e altura tipos.

De acordo co artigo 91 da presente normativa, en ambos os casos haberá de manterse a estrutura parcelaria actual, permitíndose exclusivamente actuacións de segregación que recuperen a parcelación e ritmos de orixe.

Autorízanse as persianas, nas condicións establecidas no artigo 118.

Permítese sotos e semisotos destinados ao uso de garaxe-aparcadoiro. Igualmente autorízanse aproveitamentos baixo cuberta sempre que estean inscritos no plano de cuberta definido por aplicación do artigo 99 da presente normativa.

3. Aliñacións e rasantes

Mantéñense as actuais aliñacións e rasantes que terán a consideración de oficiais, tal e como se indica en planos de ordenación.

4. Usos

Establécese como uso permitido global, no ámbito da presente ordenanza, o de vivenda, incluída a modalidade de apartamentos.

O devandito uso é compatible ocupando edificación exclusiva co universitario residencial e investigador, socio-cultural, sanitario, docente e asistencial.

Considérase incompatible a utilización da vivenda para a actividade turística.

O uso principal da edificación será o de vivenda. Establécense como usos compatibles en plantas baixas os seguintes:

Comercial en categorías 2ª e 3ª e en todas as súas clases
Oficinas en todas as súas clases
Salas de reunión excepto discotecas, salas de festas, baile, clubs nocturnos, casinos e bingos
Talleres industriais e artesanais en categoría 1ª excepto no grupo 7º a elaboración de papel e cartón
Sanitario
Docente
Asistencial
Socio-cultural
Relixioso
Deportivo
Administración pública
Garaxe-aparcadoiro en categoría 2ª grao 1º, 2º e 3º

Como usos compatibles co de vivenda en 1ª planta establécense os seguintes:

Comercial vinculado ao uso da planta baixa
Oficinas en todas as súas clases
Asistencial

As edificacións dispoñerán polo menos das dotacións mínimas de aparcadoiro previstas para cada tipo de uso na normativa do Plan xeral.

O acordo publicarase no Boletín Oficial da Provincial, xunto co texto refundido dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155 da normativa do PE-1."

Durante o debate deste punto auséntase o señor alcalde na primeira intervención de Dña. Goretti Sanmartín volvendo antes do seu remate, e volve ausentarse na do señor Sánchez-Brunete, e tamén se reincorpora antes de que remate a mesma.

Á vista do informe xurídico transcrito, máis do ditame favorable da Comisión informativa de urbanismo, infraestruturas, vivenda, medio ambiente, medio rural e servizo correspondente a súa sesión do día 19 de febreiro do corrente ano, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e de Compostela Aberta (10 PSdeG-PSOE e 5 CA) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular e do BNG (8 PP e 2 BNG), acorda:

Primeiro: Tomar coñecemento da Sentenza do TSXG núm. 547/2020, de data 19 de outubro de 2020, ditada no PO 4031/2019, na que se decide anular a modificación puntual do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica aprobada definitivamente en sesión plenaria de 15 de novembro de 2018, se ben que limitada ao artigo 143 bis, así como a aquelas referencias contidas na mesma modificación puntual, no que concerne á prohibición de aloxamentos temporais no ámbito da cidade histórica.

Segundo: Aprobar o texto refundido dos artigos 150, 151, 152, 153, 154 e 155 do Plan especial de protección e rehabilitación da cidade histórica, axustado ao fallo da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia núm. 547/2020 (PO 4031/2019), coa nova redacción que figura no informe-proposta transcrito, de data 16 de febreiro de 2021.

O acordo adoptado será publicado no Diario Oficial de Galicia, xunto co texto refundido da normativa e no Boletín Oficial da Provincia. Así mesmo, comunicarase ao Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia.

3. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, PARA A ELABORACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA PARA O RESCATE DO SECTOR CULTURAL AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19, CUNHA DOTACIÓN DE 600.000 EUROS.

A proposición presentada polo grupo municipal do BNG, con data 16 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á elaboración das bases da nova convocatoria do sector cultural afectado pola crise da COVID-19 cunha dotación de 600.000 euros.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno aprobou as bases reguladoras da convocatoria para o rescate do sector cultural máis afectado pola crise da COVID-19 o 7 de decembro de 2020, unhas bases que se publicaron no BOP do 10 de decembro de 2020. Esta convocatoria estaba dotada con 300.000 euros.

A piques de se publicar a resolución destas axudas, sabemos xa que se presentaron 76 solicitudes e que 18 delas foron denegadas por diferentes motivos. En calquera caso, e tendo en conta que o máximo por solicitude era de 3.000 euros, ficou unha parte importante do diñeiro sen gastar, ao redor do 50%.

A relevancia do sector cultural no noso concello e o coñecemento da precariedade e das dificultades polas que está a pasar esixe unha reflexión seria e a modificación dos contidos das bases e dos procedementos para facilitar que axudas xa non necesarias senón mesmo insuficientes cheguen ao sector. O sector cultural representa o 5,2% do PIB e en 2019 había 494 empresas ligadas a este ámbito en Santiago de Compostela.

A continuación sinálanse cuestións relevantes, contrastadas con profesionais do sector, que deben terse en consideración na nova convocatoria:

1. A necesidade dun contraste directo da proposta das bases co sector e que sexan o máis específicas posíbeis. A ninguén se lle escapa que a negociación fundamental que existiu co grupo de goberno foi cos sectores da hostalaría e do comercio e que estas bases parecen responder máis ás súas necesidades que ás propias do sector cultural.

2. O modelo de axudas igualitarias onde o que conta é o rexistro de entrada non parece o máis acaído. A escolla dunha convocatoria competitiva é a mellor para discriminar unha tipoloxía de situacións moi diferentes, onde cabe desde unha persoa autónoma a unha empresa con locais, vehículos e persoas empregadas.

3. As persoas creadoras son as grandes prexudicadas das convocatorias, pois nin estas nin outras axudas serven para elas. Isto, xunto con outros factores, pode explicar que o groso activo de axentes creadores do Concello non puidesen acollerse a elas. Cómpre quer realizar unha convocatoria independente quer introducir entre os gastos subvencionábeis actividades, gastos de produción...

4. Na mesma liña, cómpre ampliar as epígrafes de actividade subvencionábeis, incluíndo todas as actividades de creación, de produción e de servizos técnicos.

5. Tamén parece lóxico que se produza un incremento do importe máximo que se pode recibir por solicitude, polo que propoñemos pasar dos 3.000 aos 5.000 euros.

6. Co obxectivo de favorecer a extensión das persoas que poidan acollerse á iniciativa, o mínimo de gastos xustificadas para poder concorrer á próxima convocatoria debe situarse nos 500 euros (IVE excluído), e non nos 1000 que figuraba na anterior.

7. É importante introducir outros elementos nos gastos subvencionábeis, como por exemplo investimentos/gastos xustificadas por ter que tomar medidas diante do protocolo COVID (entre os que entra a mudanza dos aforos, de espazos...) e nunha nova convocatoria que xa terá o verán como referencia de concesión e un momento en que agardamos que a actividade comece a recuperarse, actividades e gastos de produción.

8. Caso de se optar finalmente pola fórmula competitiva, con diferenza na puntuación e unha avaliación que en todo caso ten que ser áxil (nun procedemento en parte automatizado), propoñemos estudar incluír unha categoría diferente para persoas (físicas ou xurídicas ou sociedades civís) cuxa sede de actividade estiver no Concello de Santiago de Compostela (loxicamente con maior puntuación) e outra porcentaxe de actividade no Concello de Santiago fose superior ao 60%, unha axuda que, neste caso, sería incompatible con ingresar outra percepción polo mesmo concepto ou proxecto no concello onde tiver a sede.

9. Envío de notificacións por correo electrónico sen necesidade de entrar na

plataforma de solicitude de subvencións. Despois de coñecer diferentes incidencias no proceso de presentación de solicitudes e no funcionamento da páxina web municipal, é importante sinalar que a administración municipal é a única que non envía notificacións por correo electrónico, unha cuestión que xulgamos tamén podería contribuír a solucionar algúns dos problemas existentes.

10. Necesidade de ampliar o prazo de solicitude, pois foi outro dos inconvenientes detectados xa que foi mínimo na convocatoria anterior, de tan só cinco días. Inmerso como está o sector en toda a burocracia administrativa para solucionar problemas e presentarse ás axudas das diferentes administracións, non parece o mellor método para fomentar que poida presentarse un número de persoas máis elevado.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. O Pleno do Concello insta o correspondente órgano do Goberno local a duplicar até 600.000 euros a cantidade asignada á nova convocatoria de axudas ao sector cultural, tendo en conta os criterios descritos na exposición de motivos e en contraste con representantes deste sector.

2. O Pleno do Concello insta o correspondente órgano do Goberno local a reinvestir o 50% de 300.000 euros previstos que quedaron sen conceder na convocatoria de 2020 noutra nova convocatoria con criterios adecuados á realidade e necesidades deste sector cultural, con prioridade a creadores/as e a empresas que desenvolven as súas actividades en Santiago.”

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de Compostela Aberta (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda instar ao correspondente órgano de goberno local:

1. Duplicar até 600.000 euros a cantidade asignada á nova convocatoria de axudas ao sector cultural, tendo en conta os criterios descritos na exposición de motivos e en contraste con representantes deste sector.

2. Reinvestir o 50% de 300.000 euros previstos que quedaron sen conceder na convocatoria de 2020 noutra nova convocatoria con criterios adecuados á realidade e necesidades deste sector cultural, con prioridade a creadores/as e a empresas que desenvolven as súas actividades en Santiago.

4. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG, SOBRE A SITUACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO IES LAMAS DE ABADE.

A proposición do epígrafe foi presentada con data 16 de febreiro do corrente ano, e ten o seguinte contido:

“O grupo municipal do BNG, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte proposición para o seu debate en Pleno relativa á situación da comunidade educativa do IES Lamas de Abade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comunidade educativa do IES Lamas de Abade está a ser un dos primeiros centros en sufrir as consecuencias da ampliación da rede de Centros Integrados de Formación Profesional que puxo en marcha recentemente o PP.

Hai xa varias semanas que o Parlamento aprobou (cos únicos votos do Partido Popular) a proposición non de lei tramitada con carácter urxente polo grupo que sostén o goberno para ampliar a rede de centros integrados de Formación Profesional. Foi nese debate onde o BNG sinalou que o modelo de CIFP imposto en Galiza estaba a ocasionar importantes problemas a profesorado e alumnado e que, sen estar en contra da ampliación da Formación profesional na Galiza, non podía apoiar unha iniciativa en que, baixo o subterfuxio da ampliación da FP, se desmantelasen IES.

Pouco tempo foi necesario para demostrar que as denuncias que o BNG fixera na comisión 4 do Parlamento se convertesen nunha realidade, unha realidade que está a padecer en todas as súas dimensións a comunidade educativa do IES Lamas de Abade. E por iso que a propia comunidade deste instituto elaborou un comunicado en que denuncian esta situación.

Por outra parte, desde o BNG levamos tempo reclamando a posta en funcionamento do Consello municipal de Educación que a anterior concelleira se comprometera a convocar no primeiro cuadrimestre do ano 2020. E tamén, ao igual que leva solicitando desde hai anos a Federación de ANPAS, esiximos que se leve a cabo o proceso de modificación do mapa escolar, unha cuestión relevante que hai que abordar e para o que debe contarse con toda a comunidade educativa.

Salientamos a continuación as principais demandas e reflexións do comunicado da ANPA do IES Lamas de Abade, apoiado pola ANPA do IES de Sar e diferentes asociacións veciñais das zonas afectadas pola decisión unilateral da Consellaría de Educación:

1º A proposta de fortalecer a oferta, medios e dotacións do ensino público, para que a Formación Profesional sexa unha verdadeira plataforma para acceder ao mercado laboral da nosa mocidade responde a unha demanda social e económica. Mais para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, e iso precisa planificación e vontade para acadar o éxito.

Porén, desde a Consellaría de Educación da Xunta de Galiza, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos da poboación do rural.

2. Non parece axeitado suprimir un centro de ensino secundario, na zona da cidade con maior crecemento poboacional nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa o número de veciños/as e de nenos/as en idade escolar nos próximos anos.

3. O IES de SAR é un centro urbano, situado á beira da nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso.

Desde a ANPA do IES de Lamas trasladóusenos a pertinencia de avaliar os problemas

actuais e futuros que esta decisión provocará que, entre outros, son:

- a) Eliminación dun centro educativo público para o ensino secundario.
- b) Saturación de espazos no IES de SAR.
- c) Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público.
- d) Incapacidade actual e a para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os/as rapaces/zas que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas.

Todos os motivos expostos pola comunidade educativa do IES Lamas de Abade entendemos que merecen unha solución e unha resposta por parte da Consellaría de Educación e do Concello de Santiago. Este mesmo pleno debateu xa con anterioridade propostas para dotar dunha boa accesibilidade e acondicionar a contorna dunha zona con diferentes centros educativos que, cun pequeno investimento, podería mellorar a situación actual.

Tendo en conta a incidencia que ten na comunidade educativa unha proposta destas características, entendemos que debe procederse urxentemente a avaliar no marco do Consello escolar municipal, que levamos solicitando desde hai anos que se constitúa, a reforma do mapa escolar do conxunto dos centros de Santiago de Compostela.

Por isto, o grupo municipal do BNG presenta para a súa aprobación a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

1. Que se proceda urxentemente a avaliar no marco do Consello escolar municipal a reforma do mapa escolar do conxunto dos centros de Santiago de Compostela.
2. Instar á Xunta a paralizar o traslado do alumnado e profesorado do IES Lamas de Abade.
3. No caso de se confirmar que o IES Lamas de Abade pasará a ser un centro integral de formación profesional, que se proceda a construción dun novo centro na contorna do IES Lamas de Abade.
4. Que se dote das infraestruturas necesarias a contorna de Lamas de Abade para garantir unha boa accesibilidade da comunidade educativa.”

Prodúcese o debate conxunto da proposición coa moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta, sobre a mesma temática, votándose esta a continuación da proposición.

A respectiva votación da moción vai ser reflexada no punto de toma en consideración de mocións.

Durante o debate, auséntase o señor alcalde por un breve espazo de tempo.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos

concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de Compostela Aberta (2 BNG e 5 CA), e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP), acorda:

1. Que se proceda urxentemente a avaliar no marco do Consello escolar municipal a reforma do mapa escolar do conxunto dos centros de Santiago de Compostela.
2. Instar á Xunta a paralizar o traslado do alumnado e profesorado do IES Lamas de Abade.
3. No caso de se confirmar que o IES Lamas de Abade pasará a ser un centro integral de formación profesional, que se proceda á construción dun novo centro na contorna do IES Lamas de Abade.
4. Que se dote das infraestruturas necesarias a contorna de Lamas de Abade para garantir unha boa accesibilidade da comunidade educativa.

5. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE CA, PARA IMPULSAR UNHA CONSULTA POPULAR SOBRE A XESTIÓN MUNICIPAL DO CICLO DA AUGA.

Con data 16 de febreiro do corrente ano foi presentada a proposición que a continuación se transcribe:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno. O obxecto do acordo procura impulsar unha consulta popular sobre a xestión municipal do abastecemento de auga potable e o saneamento e tratamento das augas residuais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Desde o ano 1971 o Concello de Santiago xestiona de xeito indirecto o servizo de abastecemento, saneamento e depuración da auga, o coñecido como ciclo da auga. Este servizo foi sempre xestionado pola mesma empresa, inicialmente baixo a denominación de AQUAGEST, e posteriormente baixo a denominación de VIAQUA, froito dunha reestruturación societaria iniciada en 2013 pola que se constituíu unha nova sociedade para xestionar o negocio relacionado co ciclo integral da auga en Galicia, subrogando os dereitos e obrigas de cada un dos contratos constituídos pola primeira sociedade.

Actualmente o servizo préstase cunha orde de continuidade dun contrato que foi adxudicado no ano 1985, mais que foi obxecto de dúas modificacións importantes nos anos 1992 e 1998, e finalmente prorrogado ata maio do 2019. Vencida esta última prórroga, o alcalde ten xa manifestado a súa vontade de manter o modelo de xestión indirecta, anunciando un próximo contrato a 25 anos por 452,5 millóns de euros na presentación do Plan de Contratación de 2020, e a pesar da controversia que isto suscita no conxunto da Corporación. Esta decisión significa hipotecar a xestión deste servizo ata o ano 2046, como mínimo e independentemente dos resultados das eleccións nas próximas seis convocatorias. Fronte a isto, no actual mandato municipal son varias as proposicións e mocións que se teñen aprobado no Pleno do Concello de Santiago instando ao goberno a que estude con detalle cal é o mellor modelo de

xestión do ciclo integral da auga.

A última prórroga do contrato da auga foi fiscalizada polo Consello de Contas de Galicia, que no ano 2003 emitiu un informe no que se cuestionaba a última modificación contractual cos seguintes argumentos:

Cuestiónanse as razóns de interese público da prórroga

Cuestiónase a fiabilidade dos estudos económicos sobre os que se xustificou a prórroga.

Cuestiónase a legalidade de que AQUAGEST realizara un préstamo para o financiamento de actividades da Capitalidade cultural europea (préstamo que se acabou de pagar en 2019)

Críticase a falta de control do Concello sobre o cobro da taxa do lixo por parte de AQUAGEST

Denúnciase a falta de control económico sobre a xestión de AQUAGEST.

Denúnciase a falta de control sobre a amortización dos investimentos a través da taxa que pagan as persoas usuarias.

En resumo, estamos diante dunha concesión que foi acumulando sucesivas e múltiples modificacións substanciais no referente ao seu procedemento contractual. Esta sucesión de contratos, modificacións e prórrogas deixou ao Concello de Santiago nunha situación de extrema dependencia ao respecto da empresa concesionaria. Ademais, con este procedemento evitáronse os procesos de licitación pública necesarios, dado o carácter substancial das modificacións introducidas na concesión. E o que é máis grave, co paso do tempo, tense producido unha desconexión entre a administración local e o servizo, con graves dificultades para exercer o control do mesmo, o que se traduce no desmantelamento da capacidade de control do Concello sobre a empresa.

O resultado desta xestión indirecta dun servizo que é esencial, dun ben básico como a auga, semella, cando menos, cuestionable, ademais de pouco transparente e moi mellorable. Boa mostra disto é o déficit de infraestruturas hidráulicas e a necesidade da súa renovación. De acordo cos resultados da primeira tentativa de auditoría do servizo, e aínda á falta de numerosos datos non facilitados por Viaqua, o volume de negocio estimado alcanza case os 10 millóns de euros anuais, o que supón unha cifra moi elevada tendo en conta o volume dos orzamentos municipais de Santiago de Compostela, dos que poderían reinvestirse ata 2,5 millóns euros anuais para a mellora do servizo.

En resumo, e cunha perspectiva a 25 anos do servizo, o volume de ingresos superaría os 250 millóns de euros, existindo a posibilidade de xerar un excedente de máis de 60 millóns de euros durante estes anos para a renovación, mellora e mantemento da rede. Un excedente que non debería xestionarse con expectativa de lucro empresarial e sí con criterios de equidade social. A xestión deste ben público de primeira necesidade non pode descansar na idea de que a cidadanía é mera clientela que *compra a auga como se fose unha mercancía*. O acceso á auga ten que garantir a *accesibilidade universal*, isto é, o acceso con independencia de que residas nunha zona urbana ou rural do municipio. Ao mesmo tempo, este ben esencial debería xestionarse baixo criterios de accesibilidade económica para non comprometer as condicións de vida das persoas e familias máis vulnerables. O dereito humano á auga foi recoñecido formalmente por Nacións Unidas (2002), constitúe un dereito a un recurso natural limitado a un ben público fundamental para a saúde e para a vida.

Cómpre facer referencia tamén a un recente estudo demoscópico realizado en Santiago de Compostela entre o 25 de abril e o 4 de maio de 2017, por un recoñecido instituto de sondaxes, coas seguintes características e resultados:

Ámbito:	Concello de Santiago
Universo:	Poboación rexistrada no concello de 18 anos ou máis.
Mostra:	400 entrevistas
Marxe de erro:	+ 4,98% no caso de máxima indeterminación ($p = q = 0,5$) e para resultados globais.
Pregunta:	Na súa opinión, dende o punto de vista da calidade e do aforro e independentemente do marco legal actual, que tipo de xestión prefire para os servizos públicos municipais como o abastecemento de auga?

Respostas:	
Xestión directa por parte do Concello ou dun ente municipal	65,3 %
Xestión indirecta por parte dunha empresa privada concesionaria	20,9 %
Outras repostas:	3,5 %
Non sabe ou non responde:	10,3 %

É evidente que as enquisas ou estudos de opinión nin poden, nin deben, substituír aos mecanismos dos que democraticamente nos temos dotado na actualidade, mais sempre poden indicar ou suxerir estados de opinión que, evidentemente, deben ser ratificados ou non polos cauces correspondentes. Tendo en conta todo isto, e que a responsabilidade democrática se concreta tamén na transparencia, na participación cidadá máis alá de votar cada catro anos e, en definitiva, a transcendencia mesma que a decisión sobre a xestión da auga ten para o futuro, semella máis que pertinente darlle voz á veciñanza de Compostela antes de decidir. Sería irresponsable, despois deste medio século de xestión indirecta e dos grandes déficits estruturais do servizo, adoptar unha decisión desta envergadura **sen contar coa opinión da cidadanía e co consenso necesario**. Sen dúbida, realizar unha consulta popular outórgalle maior lexitimidade á decisión adoptada. Pola contra, unha decisión unilateral, sen consenso amplío e sen participación, sería unha opción que hipotecaría os vindeiros vinte e cinco anos, e afondaría lamentablemente na consideración da auga como mercadoría, como un obxecto de lucro e non como un dereito.

Para poder contar coa opinión da cidadanía, o noso ordenamento xurídico recoñécelles ás alcaldías a potestade de someter a consulta popular asuntos de competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia

para os intereses da veciñanza. Tendo en conta que se trata dun servizo público que aparece recoñecido explicitamente como competencia propia municipal na Lei 7/1985, do 2 de maio, reguladora das bases do réxime local (LBRL) no seu artigo 2.c.

Sobre a consulta popular a propia LBRL, establece no seu artigo 71 que:

De conformidade coa lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma, cando esta lle atribúa competencia estatutaria, os alcaldes, previa acordo por maioría absoluta do Pleno e autorización do Goberno da Nación, poderán someter a consulta popular esas cuestións. de carácter municipal e local de competencia de especial relevancia para os intereses dos veciños, a excepción dos relacionados coa Facenda local.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALGA) na súa sección 4.^a sobre as consultas populares e artigo 257, contén unha regulación propia galega para este tipo de consultas:

1. Os alcaldes, logo do acordo do Pleno por maioría absoluta, poderán someter a consulta popular os asuntos da competencia propia municipal e de carácter local que sexan de especial importancia para os intereses dos veciños, agás os relativos ás facendas locais.

2. Determinaranse regulamentariamente os requisitos e as condicións para exercer este dereito e a realización da consulta axustarase ás disposicións xerais e ó procedemento establecido pola lexislación do Estado en materia de referendo.

3. O procedemento que se regule para o efecto adecuarase ás seguintes regras:

a) A Corporación local remitiralle á Xunta de Galicia unha copia literal do acordo adoptado polo Pleno do Concello, precisando os termos exactos da consulta.

b) O Consello da Xunta de Galicia enviaralle a solicitude municipal ó Goberno do Estado, á que se lle achegará, se é o caso, un informe sobre a conveniencia de efectua-la consulta, de conformidade co interese xeral de Galicia.

c) Corresponderalle ó Goberno do Estado autoriza-la consulta.

d) Concedida a autorización, se é o caso, e de conformidade coa resolución municipal, o Consello da Xunta de Galicia convocará a consulta popular mediante decreto.

O devandito decreto conterá o texto íntegro da disposición ou decisión obxecto da consulta, sinalará claramente a pregunta ou as preguntas que deba responde-lo corpo electoral convocado e determinará a data en que deba facerse a consulta, a cal quedará incluída entre os trinta e os sesenta días posteriores á data de publicación do decreto.

O decreto publicarse no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da provincia correspondente. Ademais, anunciarase nun dos xornais de maior difusión da Comunidade Autónoma e será fixado polo respectivo Concello no seu taboleiro de anuncios.

O Regulamento municipal de participación cidadá, aprobado polo Pleno o 4 de decembro de 1998 e publicado no BOP da Coruña o 9 de xaneiro de 1999, no seu título sexto, establece o marco normativo local da consulta popular:

Artigo 36.

O Alcalde, logo do acordo por maioría absoluta do Pleno e coa autorización do Goberno do Estado, poderá someter a consulta popular aqueles asuntos da competencia municipal e de carácter local que sexan de especial relevancia para os intereses da veciñanza, con excepción dos relativos á facenda local.

Artigo 37.

A consulta popular, preverá en todo caso:

1. O dereito de toda a cidadanía censada a ser consultada.
2. O dereito a que a consulta exprese as posibles solucións alternativas coa máxima información escrita e gráfica posible.

Artigo 38.

1. Corresponde ao Concello realizar os trámites pertinentes para a celebración da consulta popular sobre materias da súa competencia.
2. Tamén poderá solicitarse por iniciativa cidadá a celebración da consulta popular, logo da resolución dos acordos interesados, e por pedimento colectivo cun mínimo de sinaturas da veciñanza non inferior ó 10 por 100 do censo electoral.

En conclusión, a consulta popular sobre o modelo de xestión do ciclo da auga cumpre as esixencias legais ao ser un asunto de carácter local, que non supera os límites xeográficos do noso termo municipal, e é un tema de especial relevancia para o conxunto da veciñanza de Santiago de Compostela ao tratarse da xestión dun servizo público e un dereito humano que ademais ten consecuencias económicas importantes na cidade nos próximos anos. Ademais, a consulta popular supón un mecanismo democrático de coñecemento e inclusión da opinión da cidadanía nesta materia sen, por outra parte, retirarlle competencias tanto ao Pleno -no caso de optar o Concello por unha modificación no modelo de xestión- como á Xunta de goberno -no caso de manterse o actual modelo de xestión indirecta- posto que a doutrina e xurisprudencia coinciden en sinalar o carácter non vinculante do resultado da consulta popular.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar á alcaldía de Santiago a impulsar a celebración dunha consulta popular sobre o modelo de xestión do ciclo da auga en Santiago de Compostela:

1. Iniciando o procedemento ao amparo do artigo 71 da LBRL, artigo 257 da LALGA e o título sexto do regulamento municipal de participación cidadá.
2. Delegando na comisión de estudo encargada de determinar a forma máis sostible e eficiente de xestionar os servizos de abastecemento de auga e saneamento e

depuración de augas residuais, xa constituída, a redacción consensuada da proposta e termos da pregunta para someter á consulta popular.

3. Sometendo o acordo de inicio do procedemento a información pública, con prazo para efectuar alegacións sobre os termos da consulta, mesmo coa posibilidade de formular preguntas alternativas ou reformular a consulta.”

A proposición transcrita foi obxecto de emenda de engádegas por parte do grupo autor da proposición.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG e de Compostela Aberta (2 BNG e 5 CA), 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e 10 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexeita a devandita proposición.

6. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOBRE AS MEDIDAS COMPENSATORIAS PARA OS GASTOS QUE AFRONTAN OS CENTROS SOCIOCULTURAIS DE TITULARIDADE VECIÑAL.

A proposición presentada con data 16 de febreiro do corrente ano, ten o seguinte contido:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai varios anos, a xunta directiva e a veciñanza do barrio de Meixonfrío veñen reclamando que o Concello lles axude a sufragar os gastos de funcionamento do seu local social radicado na rúa das Tabaniscas, na coñecida como Casa Agraria.

Conforme a esa demanda veciñal foron varias as iniciativas que se presentaron ante o Pleno dando traslado desta xusta reivindicación, mesmo no mes de xullo de 2017 se adoptou un acordo unánime de todos os grupos propiciado por unha proposición presentada polo Grupo Popular na que se pedía que durante aquel ano se estudase e puxese en marcha algunha medida compensatoria para equiparar este centro -e tamén o de Aríns, os únicos que daquela se consideraban de propiedade comunitaria- ao resto dos outros centros municipais que contan con achegas económicas para o seu funcionamento.

No transcurso do citado Pleno de xullo de 2017, o portavoz do Grupo Socialista referiuse a esta situación como un “trato discriminatorio que non ten xustificación”, considerando que era preciso unha solución que podería pasar por conceder “unha subvención ao obxecto da asociación”.

Certamente, a situación destes locais que non son propiedade do Concello resulta un agravio comparativo respecto dos criterios de aplicación na rede de centros socioculturais, onde o Concello corre con todos os gastos correntes, mesmo nos casos daqueles obxecto de alugueiro (3), dándose o caso excepcional no mandato pasado dun local privado no que se fixeron obras de mellora de accesibilidade que correron por conta do orzamento municipal, mentres outros de titularidade municipal

presentaban deficiencias.

O centro sociocultural da Casa Agraria, ao igual que algúns outros que ofrecen diferentes casuísticas, a pesar de integrarse na rede municipal de centros socioculturais, vén asumindo desde hai anos distintos gastos que debe satisfacer cos seus propios recursos (no caso da Casa Agraria roldan os 6.000 euros/ano), entre eles o imposto de bens inmobles (IBI), que resulta especialmente sangrante, por ser o propio Concello quen o recada.

O pasado ano 2020, dentro das axudas destinadas a asociacións veciñais incorporouse unha mellora consistente nun incremento da cantidade a percibir por aquelas entidades propietarias de equipamentos socioculturais, en función do tamaño dos seus locais. Aínda que sen dúbida ben intencionada, a medida consideramos que é insuficiente, ao limitarse a axuda máxima para estes casos a 5.100 euros, fronte á axuda máxima para as asociacións con locais municipais fixada en 3.000 euros. Apenas 2.100 euros de diferenza que non abundan para cubrir os habituais gastos anuais.

En consecuencia, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a adoptar no ano actual as medidas compensatorias que, de forma xusta e dialogada coas entidades afectadas, contribúan a sufragar os gastos correntes que xeran anualmente os locais de propiedade veciñal que están incluídos na rede municipal de centros socioculturais, para acabar coa actual situación discriminatoria e lograr un criterio homoxéneo para todos eles.”

No transcurso do debate auséntase por un breve espazo de tempo o señor alcalde.

A proposición transcrita foi obxecto de emenda por parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE, non sendo aceptada polo grupo municipal do Partido Popular.

Rematado o debate o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do BNG (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar ao correspondente órgano municipal a adoptar no ano actual as medidas compensatorias que, de forma xusta e dialogada coas entidades afectadas, contribúan a sufragar os gastos correntes que xeran anualmente os locais de propiedade veciñal que están incluídos na rede municipal de centros socioculturais, para acabar coa actual situación discriminatoria e lograr un criterio homoxéneo para todos eles.

7. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, PARA A INCLUSIÓN DE SANTIAGO NO PROGRAMA DO ICEX “RISING UN IN SPAIN”.

A presente proposición foi presentada con data 16 de febreiro do corrente ano, co contido que a continuación se transcribe:

“O **Grupo Municipal do Partido Popular**, ao abeiro do Regulamento Orgánico

Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte PROPOSICIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A innovación e o desenvolvemento tecnolóxico xoga un papel fundamental na xeración de coñecemento dunha economía e, polo tanto, na súa competitividade. O emprendemento debe ser un baluarte fundamental e o mundo das startups é un dos seus motores importantes.

As startups son empresas de recente creación, con alto potencial innovador e tecnolóxico, onde o seu modelo ten a capacidade de ampliación e o seu crecemento pode ser exponencial, polo que constitúen un nicho de mercado de gran interese para a xeración de emprego.

O Concello de Santiago conta con varias ferramentas que converten a cidade nun lugar óptimo para facilitar tanto a instalación como o desenvolvemento deste tipo de empresas. Así, recentemente constituíuse a sociedade Sionlla Biotech, integrada pola Asociación Área Empresarial do Tambre, a Cámara de Comercio de Santiago e Uninova (Sociedade para a promoción de Iniciativas Empresariais Innovadoras), que será a responsable de impulsar a creación de infraestruturas de apoio ás empresas biotecnolóxicas do Biopolo Tecnolóxico. Este concíbese como un conxunto de infraestruturas, situadas no Parque Empresarial da Sionlla, na capital galega, destinado a localización de empresas en fase de post-incubación, crecemento e/ou consolidación e a prestación de servizos innovadores adaptados ás súas necesidades.

Este Polo de Innovación en Biotecnoloxía desenvolverase a través de dúas infraestruturas diferenciadas. A primeira delas, denominada Edificio de Espazos Industriais, supoñerá a creación de naves de carácter industrial, de aproximadamente 500 metros cadrados, para empresas en fase de consolidación, completamente adaptadas aos seus requirimentos técnicos, loxísticos e de seguridade, sendo promovida pola iniciativa privada, onde as propias empresas, a través dunha cooperativa ou unha unión temporal de empresas, serán as responsables da súa construción e comercialización.

A segunda destas infraestruturas corresponderase coa construción do Centro de Servizos Innovadores para Empresas Biotecnolóxicas, cuxo obxectivo será a oferta e provisión de servizos especializados para empresas deste sector, e que contará con laboratorios, equipos e instalacións para o seu uso temporal e tarifado a prezos de mercado, así como a prestación doutra tipoloxía de servizos asociados á dixitalización do sector biotech.

Estas infraestruturas complementáanse coa dispoñibilidade de solo industrial no Parque Empresarial da Sionlla, para que grandes empresas multinacionais poidan situar aquí os seus centros de produción.

O Concello conta á súa vez con dúas ferramentas que poderían axudar neste proceso de captación: O edificio CERSIA Empresa e o Servizo de apoio á Empresa (SAE). CERSIA Empresa é un edificio para a dinamización económica da cidade, no que se facilita o uso de instalacións ao tecido económico e empresarial da cidade. Así, conta con: salón de actos, salas de formación, aula de informática e salas de reunións. Pola súa parte, o SAE é unha entidade encargada de prestar un servizo integral de apoio á empresa e aos emprendedores situados na nosa cidade. O seu obxectivo é apoiar a

creación e consolidación de empresas nas súas diferentes etapas, desde que é un proxecto, ata que xa está consolidada. Mediante os proxectos Santiago Investors Support ou Compostela Móvese, vén proporcionando axudas para a creación de novas empresas e ofrece un viveiro de empresas no Polígono de Costa Vella en colaboración coa Cámara de Comercio.

Para rematar, Santiago conta cunha Universidade de referencia en innovación en especial nos campos biotecnolóxico que xera sinerxías enormemente interesantes para empresas innovadoras.

Da pandemia podemos extraer moitas leccións pero unha especialmente interesante é que a nosa cidade necesita acometer un urxente proceso de diversificación produtiva, polo que captar empresas de base tecnolóxica e innovadora que se instalen na nosa cidade debería ser unha prioridade.

Neste sentido existe un programa, o “Rising up in Spain”, do Instituto de Comercio Exterior do Ministerio de Industria, Comercio e Turismo (ICEX), que desde 2016 busca captar emprendedores e startups estranxeiras interesadas en desenvolver os seus proxectos en España. Trátase dun programa de aceleración impartido por unha entidade experimentada do sector, especializado e adaptado a cada startup. O ICEX proporciona acceso a unha ampla rede de posibles investidores, a asistencia no proceso de creación da empresa en España, facilita a obtención de visados e de uso de instalacións, así como o ofrecemento de visibilidade en medios de comunicación especializados en emprendemento. As empresas seleccionadas polo programa teñen unha magnífica oportunidade de desenvolvemento, que moitas veces se converte en instalación definitiva no seu lugar de localización.

Ata a data, foron case 1.000 as empresas e emprendedores, de máis de 70 países, que se presentaron ao programa. Concretamente na última edición, solicitaron a súa participación 210 startups estranxeiras de 50 países distintos.

Tendo en conta o potencial que este programa podería aportar no proceso de consolidación da diversificación económica do noso Concello, o Grupo Municipal Popular presenta para a súa consideración o seguinte

ACORDO

O Pleno insta ao correspondente órgano municipal a dar os pasos necesarios para formalizar un convenio co ICEX que promova Santiago de Compostela como unha cidade na que poidan instalarse as startups seleccionadas no programa “Rising up in Spain”, ofrecendo con este fin as maiores facilidades posibles, así como espazos de traballo para a súa radicación.”

A proposición transcrita foi obxecto de emenda de substitución por parte do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e tras ser aceptada, o Pleno da Corporación por unanimidade dos/as concelleiros e concelleiras acorda instar ao correspondente órgano municipal:

1. A iniciar os trámites correspondentes co ICEX, para a inclusión de Santiago de Compostela no catálogo de cidades que se ofertan para desenvolver os seus proxectos as startups beneficiarias do programa “RISIN UP IN SPAIN”.

2. Dar os pasos necesarios para realizar a difusión de futuras convocatorias do programa rising up in spain, así como continuar a poñer a disposición das startups e aos proxectos innovadores que teñan interese en establecerse na cidade, as maiores facilidades posibles, así como espazos de traballo a prezos subvencionados para a súa radicación.

8. PROPOSICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA, PARA DOTAR A SANTIAGO DE INSTALACIÓNS DE ATLETISMO HOMOLOGADAS PARA A REALIZACIÓN DE COMPETICIÓNS OFICIAIS.

Foi presentada a proposición que a continuación se transcribe con data 16 de febreiro do corrente ano:

“O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte proposición para o seu debate no Pleno, co obxectivo de dotar a Santiago dunhas instalacións deportivas homologadas para a práctica do atletismo e a realización de competicións oficiais desta disciplina.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Santiago de Compostela carece na actualidade dunha pista de atletismo homologada pola Real Federación de Atletismo que permita o desenvolvemento de competicións oficiais e a correspondente acreditación e recoñecemento de marcas. A pista do estadio municipal Verónica Boquete nunca chegou a estar homologada por causa dos erros cometidos no seu deseño e construción e por outra parte, a pista do estadio universitario do Campus Sur perdeu a homologación no 2016 ao non executarse as necesarias obras de reforma e adecuación.

O 10 de decembro de 2019, aproveitando a celebración da última CorreSan dese ano, o conxunto dos clubs de atletismo da comarca realizaron unha marcha reivindicando unha pista de atletismo en condicións e homologada na capital galega. Esta iniciativa foi apoiada por clubs locais e da comarca como o Atletismo Santiago, SD Compostela, Noitebra, Fontes Do Sar, USC, Sar Petroni, Millaraio, O Pino, 3& Run, Atlética A Silva, Negreira, Tambre Bike, Ames Atletismo, Atletismo Brión, CA Deza, Atletismo Carballo, Cerne Melide, CAO de Outes, Atletismo A Estrada, Arcade y Santa Uxia Atletismo.

Case un millar de persoas teñen licenza federativa para a práctica do Atletismo en Santiago de Compostela o que demostra unha elevada demanda de equipamentos propios para esta disciplina deportiva. A isto únese a puxante actividade dos clubs da cidade e comarca que precisan urxentemente unhas instalacións dignas nas que desenvolver con garantías a práctica deportiva. Alén de que a dispoñibilidade destes novos equipamentos posibilitaría a realización de competicións oficiais nas que Santiago, como capital de Galicia, deba ser a referencia no país. Para conseguir este obxectivo, existen varias posibilidades que pasan sempre polo desenvolvemento de fórmulas de colaboración institucional ben sexa coa Secretaría Xeral do Deporte da Xunta de Galicia -que está acometendo na actualidade investimentos nesta liña como o módulo cuberto no IFEVI de Vigo ou un módulo cuberto en Ribeira- ben sexa coa Deputación da Coruña ou coa USC, tal e como se realizou no anterior mandato no caso da renovación do Campo de Fútbol/Rúgbi do propio Campus.

O pasado mes de novembro, a raíz dunha xuntanza mantida entre a Federación

Galega de Atletismo e clubes de atletismo da comarca, a propia FGA remitiu un escrito ao Concello, na que solicitan a urxente acometida das obras precisas no Estadio Verónica Boquete de San Lázaro para conseguir a homologación das súa pista e ponse a disposición do Concello para colaborar. A día de hoxe non nos consta que tiveran resposta. O volume de actividade do atletismo na nosa comarca e as súas previsións de crecemento tamén aconsellan diversificar as instalacións, polo que as actuacións a realizar sobre o estadio de San Lázaro son compatibles coa colaboración institucional no arranxo, tamén, do estadio de atletismo da USC.

Por este motivo, no mandato anterior o Goberno local preveu nos orzamentos municipais unha partida de 150.000 euros como achega para a reforma da pista de atletismo da USC, a través dun convenio que lle permitira aos clubs da cidade usar as instalacións. Unha partida que aínda está sen executar mais que ao estar financiada con préstamo, é de obrigada incorporación en remanentes cada ano, atopándose, hoxe en día aínda dispoñible. A suspensión da Lei de Estabilidade Orzamentaria por parte do Goberno central abre un panorama inédito na xestión económica dos concellos, xa que permite o emprego dos remanentes sen limitacións e amplía a capacidade de endebedamento, permitindo a máxima liberdade na confección dos investimentos precisos.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Que o correspondente órgano de goberno impulse a sinatura dun convenio coa Secretaría Xeral do Deporte e a Deputación da Coruña para afrontar urxentemente as obras precisas na pista de atletismo do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro para poder tramitar a súa homologación diante da RFEA.
2. Que as actuacións contemplen as accións necesarias para crear un complexo deportivo que permita compatibilizar o seu uso para a práctica do atletismo e as actividades da SD Compostela e outros clubs que actualmente fan uso e disposición deste equipamento.
3. Que o goberno municipal colabore coa USC e as administracións que a entidade universitaria considere, mediante a fórmula administrativa máis acaída, na execución das obras precisas para acometer a mellora e renovación do estadio de atletismo do Campus Universitario que faciliten a súa homologación.
4. Que os citados convenios contemplen o uso por parte dos clubs de Compostela da pista de atletismo sen máis condicionantes que os propios de calquera instalación compartida por distintas entidades."

Á presente proposición presenta emenda o grupo municipal do PSdeG-PSOE, que non foi aceptada.

Procédese a votación da proposición, separada por puntos, polo que o Pleno da Corporación acorda:

- 1.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 10

abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que o correspondente órgano de goberno impulse a sinatura dun convenio coa Secretaría Xeral do Deporte e a Deputación da Coruña para afrontar urxentemente as obras precisas na pista de atletismo do Estadio municipal Verónica Boquete de San Lázaro para poder tramitar a súa homologación diante da RFEA.

2.- Por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do Partido Popular e do BNG (5 CA, 8 PP e 2 BNG) e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda que as actuacións contemplen as accións necesarias para crear un complexo deportivo que permita compatibilizar o seu uso para a práctica do atletismo e as actividades da SD Compostela e outros clubs que actualmente fan uso e disposición deste equipamento.

3.- Por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG (5 CA, 10 PSdeG-PSOE e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do Partido Popular, acorda que o goberno municipal colabore coa USC e as administracións que a entidade universitaria considere, mediante a fórmula administrativa máis acaída, na execución das obras precisas para acometer a mellora e renovación do estadio de atletismo do Campus Universitario que faciliten a súa homologación.

4.- Por unanimidade, que os citados convenios contemplen o uso por parte dos clubs de Compostela da pista de atletismo sen máis condicionantes que os propios de calquera instalación compartida por distintas entidades.

9. NOMEAMENTO DE NOVO VOGAL, TITULAR E SUBSTITUTO, EN REPRESENTACIÓN DO COLEXIO DE ARQUITECTOS NA COMISIÓN ASESORA DO PATRIMONIO HISTÓRICO DA CIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

O Pleno da Corporación por unanimidade acorda designar como membro da Comisión Asesora do Patrimonio Histórico en representación do colexio oficial de arquitectos de Galicia, titular a D. Pablo Costa Buján e suplente a Dña. Carmen Rey López.

10. DAR CONTA DO INFORME ANUAL DE QUEIXAS E RECLAMACIÓN CORRESPONDENTE AO ANO 2020.

Dáse conta do informe anual de queixas e reclamacións correspondentes ao ano 2020.

11. DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA, DAS CONCELLARÍAS DELEGADAS E ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

Dáse conta ao Pleno das resolucións da alcaldía e das concellarías delegadas do período comprendido entre o día 8 de xaneiro ata o 11 de febreiro de 2021, ambos inclusive.

Así mesmo, tamén se da conta, das seguintes actas da Xunta de Goberno:

Sesión extraordinaria e urxente 16/12/2020.

Sesión ordinaria 21/12/2020.

Sesión extraordinaria urxente 23/12/2020.

Sesión ordinaria 28/12/2020.

12. ROGOS E PREGUNTAS.

Interpelación:

Presentada por CA sobre o proxecto de centro de inclusión social.

Rogos:

Presentado polo PP para implantar un servizo de comunicacións a persoas maiores.

Presentado polo PP para adopción de medidas no contorno do pavillón Quiroga Palacios.

Presentado polo PP para a mellora da seguridade na rúa Mallou.

Presentado polo BNG para cubrir zonas deportivas no parque de Trasparlamento.

Presentado polo BNG para modificar o percorrido da liña de autobús que pasa por San Marcos e para instalación de marquesiña.

Presentado polo BNG para mellorar a seguranza viaria en parcelas municipais situadas en Salgueiriños.

Presentado por CA para modificar o proxecto de límite da Alameda.

Presentado por CA para reforzo do servizo de atención ao público en Tráfico.

Presentado por CA sobre as cámaras de videovixilancia.

Preguntas resposta oral:

Presentada por CA sobre a licitación da ludoteca de Fontiñas.

Presentada polo PP sobre as obras de reparación da Avda. de Vilagarcía.

Presentada por CA sobre o Refuxio de Bando.

Presentada polo BNG sobre a participación das mulleres na folga do 8 de marzo.

Presentada polo BNG sobre a creación da Comisión de Memoria histórica.

Presentada polo BNG sobre a instalación cámaras de videovixilancia.

Presentada polo PP sobre os desprendementos no noiro do Pombal.

Presentada por CA desenvolvemento urbanístico da parcela do Peleteiro.

Presentada polo PP sobre a situación das marquesiñas urbanas e muppis.

Preguntas resposta escrita:

Presentada polo PP sobre instalación paneis na rúa do Vilar.

Presentada por CA sobre contratacións no departamento de Políticas Sociais.

Presentada polo PP sobre varanda na Avda. Clara Campoamor.

Presentada por CA sobre o Camiño Real de Vidán.

Presentada por CA sobre o proceso de regularización padrón do lixo.

Presentada polo BNG sobre as obras nos Concheiros.

Presentada polo BNG sobre a cesión e musealización do legado dos Monicreques Kukas.

Presentada polo BNG sobre a instalación de aseos portátiles.

Presentada polo PP sobre o radar de Conxo.

Despois do debate da interpelación presentada por Compostela Aberta suspéndese a sesión cando son as 14:09 horas, e volve a retomarse ás 16:00 horas, asistindo todos/as os/as concelleiros/as.

Non se incorpora á sesión o señor interventor.

13. TOMA EN CONSIDERACIÓN DE MOCIÓN PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

A moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta sobre o 8 de marzo, foi substituída por moción conxunta dos grupos municipais de Compostela Aberta, do PSdeG-PSOE e do BNG, que foi declarada a súa urxencia ao comezo da sesión plenaria.

As mocións tratadas na presente sesión, son as que a continuación se transcriben:

“MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA IMPULSAR UN PROGRAMA FORMATIVO PARTICIPADO E SITUADO EN TEMPOS COVID NO CENTRO XOVE DA ALMÁCIGA

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A xuventude é un dos sectores da nosa sociedade que demostra maior vitalidade, inconformismo e dinamismo. Unhas características propias que desde a administración municipal poden acompañarse coa potenciación e fomento de espazos propios que lles permitan desenvolver as súas inquiredanzas en todos os ámbitos da vida. Neste sentido, a nivel dos equipamentos municipais para a xuventude, no anterior mandato municipal o Concello de Santiago deu un salto cualitativo coa apertura do Centro Xove da Almaciga e coa construción dos locais de ensaio que melloran a dotación que existía anteriormente no Estadio Verónica Boquete.

Desde hai case un ano, e por causa da crise da covid-19, o panorama vital da xuventude mudou radicalmente. As restricións de mobilidade, de relacións, de práctica formativa, deportiva e cultural, de desenvolvemento colectivo e individual, bateron con forza na mocidade desde o inicio da pandemia. A xente xove sofre crises concatenadas asumindo a ameaza da exclusión social dunha forma moi acentuada nos casos de mozas e mozos que sofren desigualdades sociais, de xénero ou de orixe étnica.

Nestes contexto, parece imprescindible que a administración municipal fomente a posta en marcha de medidas inmediatas que rescaten á mocidade de Santiago. Aínda así, e a pesar dos continuos debates e posicionamentos plenarios, existe unha pasividade e unha parálise do goberno municipal neste ámbito, unha posición plenaria abstencionista que se traduce nunha inacción de goberno diante das necesidades da xente moza.

Esta falta de acción municipal aféctalle especialmente ao colectivo xove que está a sufrir un incremento da súa vulnerabilidade en diversos ámbitos como son o emprego, a vivenda, a educación ou a cultura. É por iso que agora é o momento de activar políticas integrais e transversais para dar resposta ás situacións de desemprego e precarización laboral, ás dificultades habitacionais, á quebra de procesos formativos e culturais.

Urxe abordar este problema e amplificar a acción do Departamento de Xuventude reforzándoo e impulsando unha activación da programación do Centro Xove da Almaciga para que poida ser o lugar seguro e activo da mocidade en Compostela,

onde se produza un debate -que xa tarda en producirse- unha diagnose e unha recollida das peticións da xente moza, e onde se acorden as prioridades da política municipal que lles afectan directamente.

Unha diagnose que debe ser coparticipada entre o Concello e os colectivos de xente moza, que debe poñer punto final á falta de atención do goberno municipal no espazo que lle outorga de enunciación, de xestión e intervención á mocidade na vida cidade. Valorando o rol comprometido da mocidade para liderar procesos corresponsables e sostibles de modo intexeracional. Por iso, é preciso desenvolver políticas públicas dialogadas, tamén, coa xente moza da cidade, cos interlocutores referentes dos mozos e mozas de Compostela, que tome nota das súas necesidades e consensúe unha política municipal situada na realidade que afrontamos e que atenda á situación mermada do seu lugar de referencia, o Centro Xove da Almaciga, como un espazo que pode ser participado pola mocidade física e virtualmente.

Un proceso que supere as actividades actuais do Centro Xove da Almaciga que, ata agora, están reducidas a un "Laboratorio de guitarra" e outro de "Iniciación á técnica vocal". Fronte a esta actitude é necesario un diálogo urxente para trazar unha nova política pública de calidade que implique ás mozas e ós mozos composteláns no pensamento e a na participación activa da vida na cidade e que isto sexa unha prioridade do goberno municipal.

Ademais, cómpre facilitar e simplificar o acceso a todos os recursos municipais dirixidos á mocidade por iso os equipamentos municipais deben funcionar como unha rede de traballo coordinada, na que a oferta de recursos e servizos tome a máxima coherencia e se axuste ás necesidades de cada territorio, nos barrios e nas parroquias. Para iso, sería de especial utilidade dispor dun catálogo de recursos co fin de proporcionar boas ferramentas de traballo aos equipamentos municipais, tendo en conta os diferentes niveis de participación dos mozos e a súa capacidade para desenvolver proxectos de xeito autónomo nestes equipamentos municipais, nomeadamente os deportivos e a rede de centros socioculturais. Deste xeito, será posible responder ás diferentes demandas xuvenís e ás necesidades emerxentes dentro da programación e planificación de cada equipamento.

Atendendo a todo o anterior e esperando que o Concello de Santiago priorice, desde xa, as necesidades das mozas e mozos de Compostela, o Grupo Municipal de Compostela presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao departamento municipal de xuventude a:

1. Elaborar unha diagnose coparticipada co tecido social xove, da situación e das necesidades formativas da mocidade compostelá diante da crise da Covid-19.
2. Impulsar un dialogo cos colectivos de xente moza para elaborar un programa de formación, adaptado á crise da Covid-19, para dotar de contidos, actividades e procesos amplos e diversos, dun modo urxente, o Centro Xove da Almaciga.
3. Co Centro Xove da Almaciga como base, concretar un catálogo de recursos municipais para a xente xove que lle permitan desenvolver proxectos de forma autónoma.

4. Dotar orzamentariamente o Centro Xove da Almaciga para ser o catalizador das políticas públicas municipais dirixidas á xuventude.

MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A PARALIZAR O TRASLADO DO ALUMNADO DO LAMAS DE ABAD E A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO DE ENSINO SECUNDARIO NA CONTORNA DAS ACTUAIS INSTALACIÓNS.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Santiago de Compostela ten que distinguirse como unha cidade educadora, que recoñeza o rol dos centros educativos e a súa contribución á vida en común no municipio. As políticas educativas son políticas de proximidade, relacionadas co ocio, a cultura, o deporte, a formación musical, os coidados, a convivencia na diversidade, a relación coa contorna, a educación en igualdade, o encontro interxeneracional, ou os servizos de conciliación. Por todo isto, o Concello de Santiago, desde as súas competencias, debe velar porque se manteñan os equilibrios e porque o mapa educativo da cidade sexa de acordo ás necesidades -entendidas en sentido amplo e non só educativas- do conxunto da cidadanía.

Neste sentido, a Formación Profesional é un dos eixos principais para poder vertebrar unha verdadeira plataforma de acceso ao mercado laboral da nosa mocidade. Aínda que para que se poida desenvolver unha oferta formativa de calidade é necesario contar con espazos e profesionais, o que se traduce na necesidade de planificación e vontade política para conseguir estes obxectivos. É por iso que fortalecer a FP aumentando a súa oferta educativa, os seus medios e as súas dotacións públicas, responde a unha necesidade e demanda social e económica.

Sen embargo dende a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, enténdese esta “modernización da FP” como unha ocasión máis para desmontar o ensino público, concretamente de secundaria, e volve a ser outra agresión aos servizos públicos, e aínda máis concretamente aos da poboación do rural. Tal como é o caso da vontade de converter o IES Lamas de Abade nun centro de FP e polo tanto trasladadas ao seu estudantado a outros centros da cidade, máis concretamente ao IES de Sar. Unha proposta de supresión que non parece demasiado axeitada se temos en conta que se trata dunha das zonas de maior crecemento poboacional de Santiago nos últimos anos, e onde se incrementará de forma significativa a veciñanza e as crianzas en idade escolar nos próximos anos.

A proposta da Consellería de Educación pasa por trasladar, xa no próximo ano académico, o alumnado e profesorado que neste momento cursan os seus estudos da ESO e Bacharelato en Lamas, para o IES de Sar. Un centro de formación urbano, próximo á nova estación intermodal da cidade, con carencias de espazo, e con dificultades de tráfico e acceso, e onde se pretende incrementar ratios, masificar o alumnado, eliminando espazos de uso común e dotacións complementarias do centro como as aulas de dobre, os laboratorios, etc,

Diante desta situación, desde a ANPA do IES de Lamas, trasladouse aos responsables políticos a pertinencia de avaliar os problemas actuais e futuros que esta decisión provocará, que entre outros enténdense que serán:

A. Eliminación dun centro educativo para o ensino secundario. Non se fan centros de ensino público de secundaria no noso concello dende fai décadas, mentres medran outras ofertas como a concertada.

B. Saturación de espazos no IES de SAR, xa non só no escenario COVID (onde será imposible acomodar aos rapaces). A proposta é ir a aulas ao máximo de ratio permitida, é dicir, 30 alumnos por aula. Isto implica unha perda de calidade educativa.

C. Imposibilidade de que unha parte significativa do alumnado poida acceder camiñando a un centro próximo ao seu fogar, ou empregando o transporte público

D. Incapacidade actual e para os próximos cursos de contar con prazas suficientes de ESO e Bacharelato na zona para os rapaces que viven nas áreas de afectación do IES de Lamas e do CEIP de Lamas, para que poidan estudar en condicións; sendo a solución desprazarse a outros centros educativos mais lonxe das súas casas (centros saturados de alumnado, sen espazos e con imposibilidade de ampliación), ou incluso a centros de ensino concertados.

Por outra banda, existe alternativa que permitiría manter o centro educativo na contorna actual do Lamas de Abade, coa cesión dun terreo, actualmente sen uso, de propiedade municipal. No ano 2021 a Xunta contará co maior orzamento da súa historia. Non pode ser un motivo a falta de orzamento para non executar unha obra necesaria que melloraría a calidade do ensino, e que cubriría as carencias actuais de prazas no ensino público.

Por todo isto, e atendendo ás demandas da comunidade educativa afectada pola decisión da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

Instar ao goberno municipal a:

Iniciar a tramitación de modificación do plan urbanístico para catalogar como dotacional a parcela municipal colindante as actuais instalacións educativas en Lamas de Abade.

Instar á Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o traslado do alumnado e profesorado mentres non se teña un centro educativo da dimensión necesaria, e cos medios propios do século XXI na contorna onde acoller aos actuais e futuros alumnos da ESO e Bacharelato do IES Lamas de Abade.
2. Relacionado co punto anterior, construír urxentemente un novo centro educativo de secundaria, en Lamas de Abade.
3. Potenciar a Formación Profesional dotándoa das infraestruturas necesarias na

contorna das Lamas de Abade, constituíndo un verdadeiro campus educativo preuniversitario, onde convivan e se aproveitan de forma óptima as instalacións, e espazos entre a comunidade educativa.

MOCIÓN PARA FACILITAR UN SERVIZO DE BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS NOS NÚCLEOS DO RURAL SEN SERVIZO MUNICIPAL DE SANEAMENTO

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

De entre as carencias aínda presentes no medio rural, unha das máis urxentes desde o punto de vista ambiental é a ausencia de saneamento integral que padecen as vivendas illadas e tamén os núcleos de poboación. As estatísticas sinalan que máis dun cento de núcleos rurais do noso Concello, preto do 60% do total, non dispoñen de saneamento, polo que un número moi importante de propietarios de vivendas se ven obrigados a resolver a recollida das augas residuais mediante a instalación de fosas sépticas, mentres a Administración local non consiga achegarlles este servizo básico.

A existencia de foxas sépticas implica a imperiosa necesidade de dispoñer dalgún medio para o cíclico baleirado, traslado e tratamento das augas residuais. Unha tarefa que, en moitos casos non parece axustarse a unha elemental norma ou criterio de respecto ambiental e noutros casos vense realizando mediante servizos privados, cun custo habitualmente superior ao centenar de euros, o que pode dificultar en moitos casos o acceso dunha parte da poboación.

A isto hai que engadirlle a circunstancia de que unha gran parte das vivendas afectadas por esta problemática se asentan en solos nos que son de aplicación as ordenanzas 5,6 e 11 do vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) o que fai que tributen como ámbitos urbanos a pesar de non dispoñer de servizos básicos, como este do saneamento.

As formas de prestar este servizo que se propón está a ser abordado xa por varios concellos galegos de distintas formas, algúns o teñen incluído na concesión do servizo do ciclo integral da auga e outros mesmo teñen adxudicado o servizo mediante un concurso público específico para o baleirado das fosas sépticas. É dicir, existen distintas opcións para a prestación deste servizo, entre as que se podería establecer, no noso caso, a posibilidade de integrar este servizo no prego para a licitación do servizo de abastecemento e saneamento no que está a traballar o Goberno municipal.

Así pois, e conforme ao indicado, o Grupo Municipal Popular proponlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

Que por parte do correspondente órgano do Goberno local se estude a posibilidade de implantar un servizo municipal de baleirado de fosas sépticas para as vivendas radicadas no ámbito rural que non dispoñen do necesario servizo público de saneamento, contemplando a posibilidade de ofrecelo de xeito gratuíto, cando menos para as vivendas afectadas polas ordenanzas 5,6 e 11 do vixente PXOM e para todas as persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade.

MOCIÓN PARA ABRIR UNHA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA DE AXUDAS AO COMERCIO LOCAL AFECTADO POLA CRISE DA COVID-19

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a convocatoria extraordinaria de axudas ao comercio local afectado pola crise da covid-19 e específica para aqueles establecementos que cumpriron os requirimentos da anterior e quedaron fóra ao resultar insuficiente o crédito destinado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Goberno Local aprobou, na sesión extraordinaria do 7 de decembro de 2020, as bases reguladoras da convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola crise da COVID 19, anualidade 2020, que foron publicadas no BOP da Coruña número 211 do 10 de decembro. Posteriormente, aprobouse unha corrección de erros que se publicou no mesmo BOP nº 213 do 14 de decembro.

O mércores 10 de febreiro de 2021 fíxose pública a resolución da Alcaldía pola que se publican as persoas beneficiarias, axudas denegadas e se require documentación ao abeiro da segunda convocatoria de axudas para o rescate do comercio local afectado pola covid-19, na anualidade de 2020.

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes o 15 de decembro de 2020, presentáronse un total de 526 solicitudes. Tras a resolución, son 216 persoas beneficiarias que consumen o total dos 600.000 euros habilitados e 164 comercios quedaron fóra das axudas por falta de crédito, pese a cumprir os requirimentos da convocatoria, xunto con outros que non tiveron oportunidade de corrixir erros derivados do procedemento de rexistro administrativo.

Isto débese a que o procedemento de concesión non foi competitivo, porque o único criterio a ter en conta foi a orde de rexistro de entrada das solicitudes. Naqueles supostos en que se requirise a solicitantes a emenda de erros ou omisións na solicitude, para os efectos de ordenar as solicitudes presentadas no rexistro de entrada, atendeuse á data en que o requirimento estivese correctamente atendido.

Como pode deducirse dos datos que presentamos, só foron subvencionados o 41% dos comercios que se presentaron, e ficaron fóra da liña de axudas un 59%. Por outra parte, cómpre subliñar que a alta porcentaxe de participación fala por si soa da necesidade destas axudas.

O Concello de Santiago conta con remanentes de tesouraría en 2020 que a estas alturas deberían xa coñecerse mais que, sen dúbida, vai ser elevado tendo en conta o baixo grao de execución en investimentos que houbo até o 30 de setembro, última data informada ao pleno. Por outra parte, o grupo de goberno presentou hai poucos días o proxecto de orzamentos para o ano 2021, co importe máis elevado dos últimos anos (125 millóns de euros). Estas dúas cuestións indican claramente que hai dispoñibilidade orzamentaria para facer chegar máis e mellores axudas aos sectores afectados pola crise económica derivada da COVID-19.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta os correspondentes órganos do Goberno local a realizar as xestións necesarias para publicar unha convocatoria extraordinaria de axudas ao comercio local afectado pola crise da covid-19 e específica para aqueles establecementos que cumpriron os requirimentos da anterior e quedaron fóra ao resultar insuficiente o crédito destinado, ademais de abrir un prazo para a corrección de erros administrativos derivados do procedemento de rexistro.

MOCIÓN PARA TRANSFERENCIA DA AP-9 A GALIZA

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a transferencia da AP-9 a Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A AP-9, a Autoestrada do Atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galiza, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio en que se asenta máis do 70% da poboación e a maior parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 persoas, entre as que se encontran un bo número de habitantes de Compostela. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país e tamén, concretamente, do noso concello.

A historia da AP-9 é a crónica dunha discriminación con Galiza, que nos custou miles de millóns de euros en peaxes. Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo Goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do Goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o Goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galiza conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galiza pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. Isto supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galiza aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP-9 a Galiza, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o Goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Esta decisión tivo un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP-9, mais si o había para salvar as construtoras e a banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da *Lei de transferencia de titularidade e competencias da autoestrada AP-9*.

Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se faga efectiva canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometida no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentes de se efectivizaren, e para o que o Goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar a Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a *Lei de transferencia de titularidade e competencias da autoestrada AP-9* a Galiza no actual período de sesións.

2.- Instar o Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP-9.

MOCIÓN PARA PROMOVER UNHA NOVA FASE DE DIÁLOGO COA VECIÑANZA SOBRE O PROXECTO DE REURBANIZACIÓN DOS CONCHEIROS, AS FONTIÑAS E HOME SANTO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a promover unha nova fase de diálogo coa veciñanza para introducir as modificacións necesarias no proxecto de reurbanización dos Concheiros, as Fontiñas e Home Santo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As obras de remodelación dos Concheiros dispoñen dun orzamento de 2,5 millóns de euros para un ámbito de actuación de 6.700 m², no proxecto da Xunta para mellorar a integración paisaxística dos camiños de Santiago en Compostela, que vai supoñer un cambio importante en accesibilidade, mobilidade, distribución de espazos e tránsito viario para unha parte importante da veciñanza de Santiago.

Se ben é necesaria unha mellora da accesibilidade dos Camiños de Santiago, a pacificación do tráfico na avenida de Lugo e a reforma da paisaxe urbana, cun deseño que permita converterse nun espazo de paseo e non ser un periférico en pleno centro de Santiago, estas actuacións deben ser dialogadas e consensuadas coa veciñanza dos barrios dos Concheiros e das Fontiñas, como xa se reclamou aos inicios da elaboración do proxecto, tendo en conta que hai censadas xa só no barrio de San Pedro unhas 9.000 persoas.

Mais unha vez, recóllense queixas do asociacionismo veciñal sobre a falta de información e de canalización das súas propostas. Deste xeito, a falta dun procedemento de diálogo e de participación coa veciñanza do ámbito afectado está a provocar malestar constante debido ás novidades que supón atoparse con reformas de actuación sen o seu coñecemento.

Na zona dos Concheiros transitaban arredor de 20.000 vehículos diarios e descoñécese o plan de mobilidade e os cambios de fluxo de tráfico que se van producir, quer cara ás Fontiñas quer de entrada e saída do barrio en xeral. A iso súmase a inqueda xurdida na zona de Home Santo, tanto polo acceso que vai quedar desde os Concheiros restrinxido a dirección única, como desde San Caetano, ao coincidir tamén coa remodelación da área da vella estación de autobuses que debe dar conexión a esta rúa intermedia de xeito accesíbel.

Existe tamén preocupación na veciñanza pola masa arbórea, de especies de gran porte, que están a dispoñer entre Os Concheiros e As Fontiñas, unhas árbores que poden causar estragos na rede de saneamento e que, na súa opinión, poden intensificar a división entre estes barrios.

En definitiva, trátase dunha obra da Xunta e o Concello de Santiago ten que velar por establecer un diálogo constante para incrementar a transparencia e incluír estas propostas procedentes do asociacionismo veciñal, requirir o plan de mobilidade e, ademais, controlar os acabados e calidade da obra.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Concello de Santiago de Compostela promoverá unha nova fase de diálogo con representantes veciñais dos Concheiros, Fontiñas e Home Santo para realizar as modificacións pertinentes nos proxectos de reurbanización desta área, onde primen a accesibilidade e a mellora da paisaxe urbana.

MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A INVESTIR OS FONDOS NEXT-GENERATION DUN XEITO XUSTO E TRANSPARENTE E PARA IMPULSAR UNHA TRANSFORMACIÓN AMBIENTAL, ECONÓMICA E SOCIAL.

O Grupo Municipal de Compostela Aberta, ao abeiro do regulamento orgánico municipal do Concello de Santiago, presenta a seguinte moción para o seu debate no Pleno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A crise da Covid-19 está evidenciando os límites políticos, ecolóxicos e sociais do modelo económico e produtivo actual. Uns límites que implican unha grave crise que non afecta a toda a poboación e a todos os territorios por igual. Dependendo do lugar onde vivas, da posición socioeconómica e da situación familiar e laboral que teñas, as consecuencias desta crise son e serán moi diferentes. A pandemia agrava e agravará as cifras de pobreza xa existentes, demostrando que o capitalismo financeiro non é un modelo que poida servirnos se aspiramos a unha sociedade xusta no sentido de que as comunidades, territorios e economías teñan un equilibrio que permita o desenvolvemento e a sustentabilidade dun xeito redistributivo.

Nos primeiros meses desta crise foi un clamor, e case un consenso unánime, a necesidade da intervención pública e da reactivación do público en todos os seus diferentes niveis administrativos. Talvez por causa do pánico ou polo sentimento de vulnerabilidade, ata os discursos máis liberais, e máis proclives á desregulación dos mercados, enchíanse con palabras grandilocuentes como as da defensa dos servizos públicos. Paradóxico e triste está a ser escoitar estes discursos referidos á e aos coidados, sobre todo pronunciados polos mesmos políticos que levan anos e anos privatizando, desmantelando as conquistas sociais e transferindo capital público ás contas de resultados das grandes multinacionais. Quizais un dos casos máis tristes e paradigmático disto último sexa a relación entre a Xunta de Galicia e a cesión do servizo público de residencias a empresas de capital internacional como DomusVi.

Así, neste contexto de forte intervención pública, a Unión Europea mobilizará para os próximos anos ata 750 mil millóns de euros dentro do plan Next Generation para combater a crise da Covid-19, dos que España recibirá nos próximos seis anos 140 mil millóns de euros. Unha cifra que semella dunha dimensión enorme se temos en conta que os fondos gastados no sexenio 2014-2020 non alcanzaron nin os 16.000 millóns. Ademais, o 70% destes fondos terán que ser destinados a proxectos específicos xa entre o ano 2021 e 2022. O 30% restante terá que asignarse no 2023, aínda que os pagamentos poderán prolongarse ata o ano 2026. Uns fondos dos que a metade serán préstamos e a outra metade a fondo perdido, pero condicionados a reformas estruturais no eido laboral e das pensións. Os fondos que achega a UE están a conseguirse a través da venda masiva de bonos de débeda que non saíran gratis e que, con toda seguridade, haberá que pagar nun futuro.

Polo tanto, estamos diante da maior inxección de diñeiro público que teña recibido o Estado español nunca. Utilizados correctamente estes fondos europeos poderían ser unha oportunidade para transformar as fracas e vulnerables bases da nosa economía, a pesar das condicións que nos impoña a UE. Sen embargo, parece que esta forte intervención pública vai ser vehiculizada a través das grandes corporacións transnacionais, operadores privados que necesitarán rendibilizar os seus investimentos, e que provocarán que se perpetúen os modelos enerxético, ambiental, económico e social que nos ten levado á actual situación de crise. O Goberno español, a través da publicación do RD 36/2020, anunciou como pedra angular a colaboración público-privada, cos bancos como xestores “a título lucrativo” do diñeiro. Ademais, limitou as posibilidades de acceso aos mesmos, impoñendo uns investimentos mínimos que unicamente poden cumprir os grandes proxectos corporativos dunhas poucas empresas, obviando que o 96,66% das pemes galegas son microempresas (0-9 persoas asalariadas?). As organizacións lembran que máis do 50% dos fondos de recuperación serán xestionados polas comunidades autónomas.

Precisamente na xestión desta porcentaxe dos fondos, os poderes públicos galegos están a levar o tema co maior oscurantismo e opacidade posible, e é por iso que diversas organizacións ecoloxistas, sindicais e colectivos sociais galegos están a denunciar esta falta de transparencia e de participación pública na asignación destes fondos europeos de recuperación Next Generation. Estes colectivos denuncian, principalmente, a ocultación por parte da Xunta de Galicia dos mecanismos de toma de decisións e dos criterios de adxudicación, reivindicando un proceso de participación pública vinculante para decidir o destino deste diñeiro. Denuncian tamén que a Lei de Simplificación administrativa e Reactivación de Galicia, que se está a tramitar no Parlamento galego, presentada polo PPdG, tén como obxectivo burlar a tramitación ordinaria como proxecto de lei do Goberno galego, e que será continuidade da Lei de fomento de iniciativas empresariais, máis coñecida como Lei de Depredación, feita a medida das empresas extractivistas de enerxía e outros proxectos especulativos.

Nesta mesma liña, a Xunta formou xa un “Comité de expertos” onde non hai nin rastro de organizacións sindicais, profesionais da sanidade, de servizos sociais, e nin sequera da pequena e mediana empresa, e aposta pola creación dunha sociedade público-privada con maioría privada que controle a xestión dos fondos. Semella ter repartido xa o pastel, e polo que se vai sabendo, enfocando unha gran parte dos recursos cara a industria enerxética e as empresas que pretenden lucrarse cun novo espolio dos recursos do sector forestal galego.

Así, a Xunta de Galicia xa indicou a súa intención de crear unha sociedade mixta público-privada -con maioría para o capital privado- que terá a capacidade de validar a estratexia dos fondos no seu conxunto e coordinando cada un dos proxectos. Destas intencións pódese concluír que a principal fonte de investimento público en Galicia para os próximos anos estará en mans destas grandes empresas privadas. Estamos, pois, diante dunha privatización da xestión destes fondos europeos manténdose, ademais o oscurantismo sobre os 108 proxectos escollidos por esta elite empresarial e sobre os que practicamente nada se coñece.

Contrariamente a esta forma de actuar, os fondos deberían investirse en políticas de cohesión social e para fortalecer os servizos públicos, o tecido produtivo e creador de emprego. Non se pode seguir apostando por aumentar os beneficios económicos de grandes empresas contaminantes que vulneran os dereitos das persoas traballadoras, é unha gran inxustiza, e non supón ningunha transición, nin ecolóxica nin social. A vivenda pública, o coidado dos maiores, a sanidade, o sistema de xestión de residuos, a industria local, a agricultura e un longo etc. son cuestións que non poden quedar esquecidas porque iso significaría unha saída inxusta, unha vez máis, dunha crise, incrementando a desigualdade e a concentración do poder nunhas poucas mans. Para abordar a necesaria transición, estes fondos deben destinarse a favorecer unha economía de planificación e xestión democrática, unha economía feminista, social e solidaria

Temos a oportunidade de dirixir este investimento público no camiño dunha reindustrialización do país desde unha perspectiva ecoloxista e territorialmente sustentable. Unha reconversión que encaixe coas nosas capacidades e que aproveite as nosas posibilidades para dar resposta ás nosas necesidades. Poderíase asentar un novo modelo de transporte colectivo que chegue a todo o territorio, que fuxa do fomento e uso excesivo do vehículo particular. Deberíase aproveitar para construír unha economía plural que impulse novas formas de propiedade público-comunitarias que estean ao servizo do ben común, que planifique por sectores, intereses e

necesidades e non exclusivamente desde a perspectiva do lucro e do reparto de dividendos. Nas próximas décadas a educación, a sanidade e os coidados deberían ter como elemento fundamental a rendibilidade social e non esa obtención de lucros por axentes económicos privados.

Por todo isto, e entendendo que a Covid-19 mostra o colapso do sistema mais tamén pode ser unha oportunidade posto que evidencia as necesidades de reforzo do ben común, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta á consideración do Pleno o seguinte:

ACORDO:

1. Instar aos gobernos estatal e galego a modificar os criterios de reparto dos fondos Next Generation, colocando o foco nos seguintes aspectos:

a. Transparencia e participación da sociedade civil na toma de decisións e nos criterios de adxudicación e inclusión de estritos controis ambientais e sociais dos proxectos.

b. Priorización da contratación para proxectos estratéxicos de desenvolvemento local.

c. Centrar o destino do orzamento nunha verdadeira transición ecolóxica e a descarbonización da economía, en proxectos que constrúan unha sociedade máis resiliente fronte o cambio climático e a crise da biodiversidade.

d. Os proxectos deben plasmar perspectiva de xénero e combater a desigualdade.

e. Os proxectos deben priorizar a colaboración público-comunitaria.

f. Os fondos deberán dar prioridade ao apoio de iniciativas de persoas autónomas, labregas, mariñeiras, artesás, cooperativas e pemes por ser os segmentos laborais que máis empregos xeran e máis repartidos están por toda a xeografía galega.

g. Máis investimento para saúde, educación, investigación, mobilidade, coidados e cultura.

2. Instar á Xunta de Galicia a realizar a xestión dos fondos Next-Generation integramente desde o sector público, abríndose á participación do tecido asociativo no social, ambiental e empresarial galego, dando cabida a proxectos sustentables fomentados polo asociacionismo e as pequenas e medianas empresas de carácter local.

MOCIÓN PARA MELLORAR OS ESPAZOS PÚBLICOS E OS SERVIZOS BÁSICOS EN MEIXONFRÍO

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, ao abeiro do Regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno para a mellora dos espazos públicos e os servizos básicos en Meixonfrío.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Compostela precisa dotar os barrios de espazos de lecer e, nese sentido, a veciñanza de Meixonfrío reclama que se realicen as xestións necesarias para o

acondicionamento dunha parcela de titularidade municipal de 11.000 m² para usos múltiples, coa dotación de instalacións deportivas e sociais, ademais dun parque xerontoinfantil, de xeito que sirva para maiores e crianzas.

O Concello ten pendente tamén asumir os gastos de mantemento do local veciñal da Casa Agraria, como acontece nos que son de titularidade municipal. Nesta mesma situación están os de Aríns, Vista Alegre e o Eixo, o que supón unha diminución na capacidade económica destas asociacións que reclaman a igualación coas demais.

En canto á seguranza viaria, demandan a reurbanización, con beirarrúas e mellora na pavimentación, da rúa de Mallou e a abertura do viario entre a rúa da Nogueira e a rúa de Mallou. É necesario facer obras de asfaltado na rúa do Corgo, Porróns, Lindeiro, avenida de Asturias e praza de España. Ademais, faise necesario o acondicionamento de Forniños, pois carece de beirarrúas e canaletas, e o mesmo acontece no camiño dos Vilares e na rúa de Mallou de Abaixo (Cancelas-Amio) que precisan un plan de mantemento para evitar fochancas, arranxo de beirarrúas en mal estado e recuperación de lavadoiros e fontes abandonadas, que son patrimonio tradicional. É necesario rematar as beirarrúas na rúa de Tabaniscas, acondicionar a entrada da N-550 á altura do polígono, así como as beirarrúas e os pasos de peóns entre os polígonos empresariais.

Representantes veciñais advirten tamén de carencias nos servizos de auga, recollida de lixo e mantemento de xardíns públicos, así como do estado deficiente dos autobuses. Así, son necesarias obras de saneamento no Camiño dos Vilares e na Agra de Arriba.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

O Pleno do Concello insta:

Os correspondentes órganos do Goberno local a realizar as xestións necesarias para a mellora dos espazos públicos e servizos básicos en Meixonfrío.

A Xunta de Galiza á humanización do camiño de Santiago ao seu paso polo barrio de Meixonfrío, Mallou e Salgueiriños.

MOCIÓN PARA PEDIR A APLICACIÓN INMEDIATA DAS BONIFICACIÓNS NA AP-9

O Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do Regulamento Orgánico Municipal, presenta, para a súa inclusión no Pleno, a seguinte MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que se están a aplicar nesta autoestrada, como a bonificación das tarifas e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario “nulo de pleno dereito”. Esta suba, que se está a aplicar desde o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia. Unhas tarifas que seguirán aumentando progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas.

O incremento das peaxes redunda no agravio comparativo do que veñen sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España.

Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúan sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes desde 2018.

E non podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes en obras pendentes en varias cidades, entre elas Santiago.

Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal Popular propónlle ao Pleno a adopción do seguinte

ACORDO:

O Concello de Santiago insta ao Goberno de España:

1. Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das empresas e do territorio de Galicia.
2. A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras

de ampliación da autoestrada.

3. A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO PSdeG-PSOE, DE COMPOSTELA ABERTA E DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (URXENTE).

Este 2021, Nacións Unidas elixiu como lema "Mulleres lideresas: por un futuro igualitario no mundo da COVID 19". Con el, preténdense visibilizar os enormes esforzos que realizan mulleres e nenas en todo o mundo para forxar un futuro máis igualitario e recuperarse da pandemia.

A maiores, este lema está relacionado co tema prioritario do 65º período de sesións da Comisión da Condición Xurídica e Social da Muller, presentado baixo o título "A participación das mulleres e a adopción de decisións por elas de forma plena e efectiva na vida pública, así como a eliminación da violencia de xénero, para acadar a igualdade entre os xéneros e o empoderamento de todas as mulleres e as nenas"; e coa emblemática campaña Xeración Igualdade. Esta campaña esixe o dereito das mulleres na toma de decisións en todas as esferas da vida, a igual remuneración, a distribución equitativa dos coidados e o traballo doméstico non remunerados o fin de todas as formas de violencia contra as mulleres e as nenas, e uns servizos de atención da saúde que dean resposta ás súas necesidades.

As mulleres atópanse na primeira liña da crise da Covid-19 como traballadoras da saúde, coidadoras, innovadoras e organizadoras comunitarias. Tamén se atopan entre as e os líderes nacionais máis exemplares e eficaces na loita contra a pandemia. A crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres, como as cargas desproporcionadas que soportan.

As mulleres lideresas e as organizacións de mulleres demostraron as súas habilidades, coñecementos e redes para liderar eficazmente os esforzos de resposta e recuperación ante a Covid-19. Actualmente acéptase máis que nunca que as mulleres achegan experiencias, perspectivas e habilidades diferentes, e que contribúen de maneira indispensable nas decisións, políticas, e leis que funcionan mellor para todas e todos.

A maioría de países que contiveron os efectos da pandemia da Covid-19 e reaccionan con máis éxito ante os seus impactos sanitarios e socioeconómicos máis amplos están dirixidos por mulleres. Por exemplo, as xefas de goberno de Dinamarca, Etiopía, Finlandia, Alemaña, Islandia, Nova Zelandia e Eslovaquia recibiron un gran recoñecemento pola rapidez, a decisión e a eficacia da súa resposta nacional ante a Covid-19, así como pola maneira amable de comunicar datos de saúde pública baseados en feitos. Con todo, as mulleres son xefas de Estado e de goberno en tan só 20 países do mundo.

Por mor da pandemia da Covid-19, xurdiron novos obstáculos que se suman aos de carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. En todo o mundo, as mulleres enfróntanse a un aumento da violencia de xénero, a tarefas de coidados non remunerados, ao desemprego e á pobreza. A pesar

de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, existe unha representación desproporcionada e inadecuada de mulleres nos espazos de política nacionais e mundiais relacionados coa Covid-19.

Para defender os dereitos das mulleres e aproveitar plenamente o potencial do seu liderado na preparación e resposta ante unha pandemia, débense integrar as perspectivas das mulleres e as nenas en toda a súa diversidade na formulación e aplicación de políticas e programas en todas as esferas e en todas as etapas da resposta e a recuperación ante unha pandemia.

Este 8M de 2021 será de novo un día de unión do feminismo, de concienciación, e de reivindicación deses espazos e dereitos que fomos conquistando e que se seguen cuestionando desde a ultradereita. Unhas ameazas que inciden directamente nos alicerces dunha sociedade que pretende ser máis igualitaria, máis xusta e máis equitativa. Vímolos recentemente cos ataques a persoas trans. Hoxe son eles, mañá serán outros colectivos. Hai que cortar de raíz a discriminación por razón de sexo ou condición sexual. É necesaria unha resposta contundente desde as institucións. Porque, se queremos construír un mundo mellor para as xeracións futuras, debemos partir dunha posición de igualdade, sen discriminacións e sen machismos. E para acadar esa igualdade non podemos nin imos dar un paso atrás. Nin un.

O 8 de marzo o feminismo galego escribirá, novamente, unha páxina da nosa historia, baixo o lema “Sen coidados non hai vida”. Igual que o ano pasado, as circunstancias obrígnanos. É necesario volver pór o foco de atención nun dos sectores nos que atopamos máis dificultades e un dos máis afectados na actual situación de pandemia: o dos coidados.

É necesario pór os coidados no centro das nosas reivindicacións: porque neste momento está invisibilizado, porque a meirande parte dos traballos de coidados se fan sen remuneración algunha; porque cando son remunerados realízanse en condicións de precariedade; porque son infravalorados tanto social como economicamente a pesar de ser centro e motor da vida da persoa que os recibe; e porque a xestión da crise sanitaria agravou a situación da muller. Un elevado número de mulleres víronse na necesidade de deixar os seus empregos e a súa independencia económica para poder sobrevivir, porque SEN COIDADOS NON HAI VIDA.

Ante esta situación, pedimos, un ano máis, que o traballo dos coidados se valore socialmente, con todas as súas implicacións. E desde o Concello de Santiago queremos agradecer e destacar o traballo de todas esas mulleres, nomeadamente o do SAF, o Servizo de Axuda no Fogar, polo seu papel no coidado das persoas máis vulnerables, dos nosos dependentes, dos nosos maiores. A pesar do risco derivado da pandemia, e da situación de precariedade que soportan algunhas delas, seguiron desempeñando un traballo esencial para a sociedade coa mesma dilixencia e a mesma profesionalidade que as caracteriza. E tampouco nos podemos esquecer das traballadoras do fogar, tanto as que realizan labores de limpeza como as que coidan crianzas ou persoas dependentes. É importante visibilizar as condicións laborais nas que se atopan moitas delas, como primeiro paso para rematar coa precariedade destes traballos.

O “Informe da situación sociolaboral das Mulleres en Galicia”, correspondente a 2020 e presentado recentemente, reflicte que a pandemia expulsou do mercado laboral a miles de traballadoras galegas que se viron obrigadas a asumir novamente os

coidados de dependentes e crianzas, destruíu emprego (un 77% do emprego destruído é feminino) e aumentou a taxa de temporalidade. Na presentación dese documento púxose de manifesto que aínda que desde 2009 a fenda salarial se reduciu en 2,6 puntos, uns 150 euros; de seguir a este ritmo farían falla 300 anos para acadar a equiparación salarial total.

Temos forza, liderado e empoderamento para cambiar a situación. Demostrámolo, como dixemos ao principio, na xestión que da crise sanitaria fixeron as mulleres lideresas nos seus países.

E a ese liderado apelamos para seguir traballando e conquistando espazos de igualdade. Sabemos que o camiño é longo e difícil. Que as fendas de xénero persisten; que a desigualdade e a violencia de xénero, e en especial a violencia machista, están presentes en todas as esferas da nosa sociedade. A igualdade de xénero implica igual visibilidade, empoderamento, responsabilidade e participación; no ámbito laboral, na promoción profesional, na asunción de parte do traballo de coidados, na organización familiar, na coresponsabilidade; e no respecto a condición sexual dos diferentes colectivos LGTBI.

Por iso é moi importante, dende as institucións públicas, facer fronte á discriminación e poñer todos os medios necesarios ao alcance para acadar unha igualdade plena. É importante ter uns servizos públicos de calidade que nos atendan e que nos coiden, ben sexa na sanidade pública, na garantía dos dereitos no parto, ben sexa no fomento da conciliación e unha vida familiar digna. É preciso un modelo económico e de organización social que poña no centro as persoas, o sustento da vida. Un novo modelo que recoñeza o valor social dos coidados, que promova a coresponsabilidade dos homes neste labor e que facilite a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

No Concello de Santiago manifestamos, tal e como vimos facendo nos últimos anos, o noso compromiso coa erradicación da violencia de xénero, o fin da precariedade laboral e a fenda salarial, a defensa dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres e a abolición da prostitución e de trátala de seres humanos con fins de explotación sexual. Queremos unha sociedade paritaria e participativa na que as mulleres ocupen o lugar que lles corresponde por dereito, unha sociedade que trate ás mulleres como persoas libres e adultas capaces de tomar as súas propias decisións.

Por todo o anterior, o Pleno da corporación **ACORDA:**

1. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2021, nomeadamente aquelas que teñen que ver cos coidados, coa discriminación das mulleres no ámbito laboral, e co respecto a condición sexual que cada persoa libremente elixa.

2. Vixiar que as entidades adxudicatarias dos contratos do servizo de axuda no fogar do Concello de Santiago cumpran co seu compromiso de retribuír adecuadamente ao seu persoal, nos termos do previsto nos convenios colectivos que resulten de aplicación, e que asuman de forma directa o custe de calquera mellora nas condicións de traballo ou nas retribucións do referido persoal. E que tamén favorezan a estabilidade e calidade no emprego do persoal necesario para a correcta execución do servizo.

3. Procurar e incrementar servizos e recursos para fomentar a conciliación para as

familias e as mulleres con menores ao seu cargo do Concello de Santiago. E respecto das empresas prestadoras de servizos públicos, asegurar o cumprimento das medidas específicas de conciliación contempladas como obrigatorias na lexislación vixente, nos pregos de condicións administrativas e as ofertadas como propostas innovadoras por parte das entidades adxudicatarias finais dos referidos servizos.

4. Demandar da Xunta de Galicia:

a. Continuar a incrementar a dotación económica para recursos destinados especificamente a loitar contra as violencias de xénero, adaptándoos as realidades das mulleres e menores vítimas.

b. O seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

i. Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para poñer en marcha o antes posible o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.

ii. Comprometerse a iniciar a elaboración do Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio existente así como as vantaxes dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

c. Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, levar a cabo as accións necesarias para conseguir a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...) en consonancia co Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

d. Elaborar un Programa plurianual para o fomento das vocacións STEM entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

e. Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e, especialmente, daquelas que vivan no medio rural, co obxectivo de eliminar a fenda dixital existente...

5. Instar ao Goberno do Estado a:

a. Continuar co incremento da dotación orzamentaria ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de xeito acorde ao acrecentamento das competencias por parte das administracións locais para poder asumir e exercer esas funcións cos recursos económicos precisos.

b. Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

c. Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM (Ciencia,

Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe.

d. Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, o acceso ás novas tecnoloxías e o uso das redes sociais.

6. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia de perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.”

A moción presentada por CA en relación ao centro de ensino Lamas de Abade, foi debatida conxuntamente co punto 4 proposición do BNG sobre a mesma temática e votada a continuación do mesmo, aínda que vai ser reflexada a votación no presente punto.

En primeiro lugar vai ser reflexada a votación da moción presentada por Compostela Aberta sobre o centro de ensino Lamas de Abade, e despois de ser aceptada a emenda in voce presentada polo BNG, o Pleno da Corporación por 5 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG, e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular, acorda instar á Xunta de Galicia a:

1. Paralizar o traslado do alumnado e profesorado mentres non se teña un centro educativo da dimensión necesaria, e cos medios propios do século XXI na contorna onde acoller aos actuais e futuros alumnos da ESO e Bacharelato do IES Lamas de Abade.

2. Relacionado co punto anterior, construír urxentemente un novo centro educativo de secundaria, en Lamas de Abade.

3. Potenciar a Formación Profesional dotándoa das infraestruturas necesarias na contorna das Lamas de Abade, constituíndo un verdadeiro campus educativo preuniversitario, onde convivan e se aproveitan de forma óptima as instalacións, e espazos entre a comunidade educativa.

Con respecto á moción de urxencia presentada polos grupos políticos municipais do PSdeG-PSOE, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego con motivo do 8 de marzo, día internacional da muller, o Pleno da Corporación por 17 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos devanditos grupos (10 PSdeG-PSOE, 5 CA e 2 BNG) e 8 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular acorda:

1. Apoiar as mobilizacións e reivindicacións do movemento feminista galego para a celebración do 8 de marzo de 2021, nomeadamente aquelas que teñen que ver cos coidados, coa discriminación das mulleres no ámbito laboral, e co respecto a condición sexual que cada persoa libremente elixa.

2. Vixiar que as entidades adxudicatarias dos contratos do servizo de axuda no fogar do Concello de Santiago cumpran co seu compromiso de retribuír adecuadamente ao seu persoal, nos termos do previsto nos convenios colectivos que resulten de

aplicación, e que asuman de forma directa o custe de calquera mellora nas condicións de traballo ou nas retribucións do referido persoal. E que tamén favorezan a estabilidade e calidade no emprego do persoal necesario para a correcta execución do servizo.

3. Procurar e incrementar servizos e recursos para fomentar a conciliación para as familias e as mulleres con menores ao seu cargo do Concello de Santiago. E respecto das empresas prestadoras de servizos públicos, asegurar o cumprimento das medidas específicas de conciliación contempladas como obrigatorias na lexislación vixente, nos pregos de condicións administrativas e as ofertadas como propostas innovadoras por parte das entidades adxudicatarias finais dos referidos servizos.

4. Demandar da Xunta de Galicia:

a. Continuar a incrementar a dotación económica para recursos destinados especificamente a loitar contra as violencias de xénero, adaptándoos as realidades das mulleres e menores vítimas.

b. O seu compromiso coa realización de estudos periódicos sobre o valor social e económico do traballo do fogar e do coidado. A comezar por:

- Dar cumprimento ao artigo 29.3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade e realizar as actuacións necesarias para poñer en marcha o antes posible o desenvolvemento dunha nova Conta Satélite da Producción Doméstica.

- Comprometerse a iniciar a elaboración do Plan de Dignificación e Visibilización dos Coidados co fin de valorizar e divulgar entre o conxunto da poboación galega a súa relevancia económica e social e as consecuencias que supón para o exercicio dos dereitos das mulleres o desequilibrio existente así como as vantaxes dun reparto equitativo dos tempos entre homes e mulleres.

c. Dentro das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia, levar a cabo as accións necesarias para conseguir a igualdade retributiva das mulleres en todos os ámbitos (tecnolóxico, cultural, deportivo, etc...) en consonancia co Real Decreto 902/2020, de 13 de outubro, de igualdade retributiva entre mulleres e homes.

d. Elaborar un Programa plurianual para o fomento das vocacións STEM entre as nenas e mozas para pechar a fenda de xénero nestes estudos e incrementar a presenza da muller nos ámbitos científicos e tecnolóxico de Galicia.

e. Fomentar e incrementar os programas de alfabetización dixital das mulleres maiores e, especialmente, daquelas que vivan no medio rural, co obxectivo de eliminar a fenda dixital existente...

5. Instar ao Goberno do Estado a:

a. Continuar co incremento da dotación orzamentaria ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero de xeito acorde ao acrecentamento das competencias por parte das administracións locais para poder asumir e exercer esas funcións cos recursos económicos precisos.

b. Impulsar un Pacto Nacional para a Conciliación Laboral e a Racionalización de Horarios, para favorecer a conciliación da vida laboral, persoal e familiar.

c. Desenvolver unha Estratexia Nacional para impulsar as vocacións STEM entre as alumnas, que inclúa entre outros aspectos: impulso ás materias STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) na educación e programas de formación do profesorado para a mellora na aprendizaxe.

d. Posta en marcha de iniciativas para a formación de mulleres en habilidades STEM na contorna rural, mellorando a súa formación no ámbito dixital, o acceso ás novas tecnoloxías e o uso das redes sociais.

6. Instar ao goberno do Estado e á Xunta de Galicia a dar resposta e impulsar todas as medidas solicitadas polo Pleno do Concello de Santiago nos últimos anos, con motivo da celebración do 8M, en materia de perspectiva de xénero, de igualdade salarial, inserción laboral, corresponsabilidade e conciliación e violencia de xénero.

A moción presentada polo grupo municipal de CA para impulsar un programa formativo participado e situado en tempos COVID no centro xove da Almaciga, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (5 CA e 2 BNG) e 18 abstencións correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e do Partido Popular (10 PSdeG-PSOE e 8 PP) acorda, instar ao departamento municipal de xuventude a:

1. Elaborar unha diagnose coparticipada co tecido social xove, da situación e das necesidades formativas da mocidade compostelá diante da crise da Covid-19.

2. Impulsar un dialogo cos colectivos de xente moza para elaborar un programa de formación, adaptado á crise da Covid-19, para dotar de contidos, actividades e procesos amplos e diversos, dun modo urxente, o Centro Xove da Almaciga.

3. Co Centro Xove da Almaciga como base, concretar un catálogo de recursos municipais para a xente xove que lle permitan desenvolver proxectos de forma autónoma.

4. Dotar orzamentariamente o Centro Xove da Almaciga para ser o catalizador das políticas públicas municipais dirixidas á xuventude.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular para facilitar un servizo de baldeirado das fosas sépticas, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do Partido Popular, de Compostela Aberta e do Bloque Nacionalista Galego (8 PP, 5 CA e 2 BNG), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda que por parte do correspondente órgano do goberno local se estude a posibilidade de implantar un servizo municipal de baleirado de fosas sépticas para as vivendas radicadas no ámbito rural que non dispoñen do necesario servizo público de saneamento, contemplando a posibilidade de ofrecelo de xeito gratuíto, cando menos para as vivendas afectadas polas ordenanzas 5, 6 e 11 do vixente PXOM e para todas as persoas que se atopen en situación de vulnerabilidade.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego para abrir unha convocatoria extraordinaria de axudas ao comercio local afectado pola crise da COVID, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE, acorda instar aos correspondentes órganos do goberno local a realizar as xestións necesarias para publicar unha convocatoria extraordinaria de axudas ao comercio local afectado pola crise da covid-19 e específica para aqueles establecementos que cumpriron os requirimentos da anterior e quedaron fóra ao resultar insuficiente o crédito destinado, ademais de abrir un prazo para a corrección de erros administrativos derivados do procedemento de rexistro.

As mocións presentadas polo grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego, en relación á transferencia da AP-9 e a do Partido Popular sobre as bonificacións na AP-9, foron debatidas conxuntamente e votadas unha a continuación da outra.

En canto a do BNG, sobre a transferencia da AP-9, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda:

1. Instar a Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de transferencia de titularidade e competencias da autoestrada AP-9 a Galiza no actual período de sesións, cos recursos necesarios para acometer as obras pendentes, manter as bonificacións comprometidas e garantir a súa axeitada xestión.

2. Instar o Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP-9.

No tocante á moción presentada polo grupo municipal do Partido Popular, para pedir a aplicación inmediata das bonificacións na AP-9, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar ao Goberno de España:

1. Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das empresas e do territorio de Galicia.

2. A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.

3. A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

A moción presentada polo grupo municipal do BNG para promover unha fase de

diálogo coa veciñanza sobre o proxecto de reurbanización dos Concheiros, as Fontiñas e Home Santo, á que presentou emenda o grupo municipal do Partido Popular e despois de ser aceptada, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda promover unha nova fase de diálogo con representantes veciñais dos Concheiros, das Fontiñas e do Home Santo para, se procede, realizar as modificacións pertinentes nos proxectos de reurbanización desta área, onde primen a accesibilidade e a mellora da paisaxe urbana.

Con respecto á moción presentada polo grupo municipal de Compostela Aberta para investir os fondos NEXT-GENERATION dun xeito xusto e transparente e para impulsar unha transformación ambiental, económica e social, o Pleno da Corporación por 7 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais de Compostela Aberta e do BNG (5 CA e 2 BNG), 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 8 votos en contra correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular, polo que resulta rexeitada a presente moción.

No tocante á moción do grupo municipal do BNG, para mellorar os espazos públicos e os servizos básicos en Meixonfrío, e tras ser aceptada a emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular, o Pleno da Corporación por 15 votos a favor correspondentes aos concelleiros/as dos grupos municipais do BNG, do Partido Popular e de Compostela Aberta (2 BNG, 8 PP e 5 CA), e 10 abstencións correspondentes aos concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE acorda instar:

1. Aos correspondentes órganos de goberno local a realizar as xestións necesarias para a mellora dos espazos públicos e servizos básicos en Meixonfrío.
2. Á Xunta de Galicia a colaborar na humanización do Camiño de Santiago ao seu paso polo barrio de Meixonfrío, Mallou e Salgueiriños.

Remata a sesión ás 20:24 horas. Dou fe.